

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 24 DE XUÑO DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e catro de xuño de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceros Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretta Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de maio de 2010

A secretaria da corporación fai constar que non se puido facer entrega da acta da sesión ordinaria do día 27 de maio de 2010, así pois, queda pendente de aprobación para o vindeiro pleno ordinario.

2º Proposta de redución das retribucións dos cargos da corporación que se desempeñan en réxime de dedicación exclusiva, parcial, e contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións

Vista a proposta da Alcaldía de data 16 de xuño de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 22 de xuño de 2010.

A Sra. secretaria da corporación informa que se presentou un voto particular de EU-IU, mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 9889, o día 23 de xuño de 2010, no que se propón unha modificación do ditame da comisión informativa no sentido de engadir no punto primeiro o seguinte texto: “*Da mesma maneira, a dita redución aplicarase utilizando os mesmos criterios para os cargos de confianza e libre designación.*”. Tamén se propón modificar os importes das asistencias recollidas no punto terceiro que quedarían da seguinte maneira:

- Pleno:	125,00 euros
- Xunta de Goberno Local:	160,00 euros
- Xunta de Voceiros:	75,00 euros
- Xunta de Coordinación	80,00 euros
- Comisións Informativas:	75,00 euros
- Presidente Comisión Informativa:	240,00 euros
- Mesa de Contratación:	28,00 euros

Concedida a palabra a don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo presentou ese voto particular onde o que piden é que se modifiquen as percepcións de todos os membros da corporación por asistencias a plenos, xuntas de goberno local, xuntas de voceiros, xuntas de coordinación, comisións informativas, presidencia de comisións informativas e mesas de contratación.

Sinala que para o pleno, para a xunta de voceiros e para as comisións informativas propoñen as contías que había ao comezo da lexislatura, sendo o pleno 125 euros, xunta de voceiros 75 euros e comisións informativas 75 euros. Para o resto de órganos creados a posteriori sería unha redución aproximada do 20%, nese sentido sinala que hai un pequeno erro na mesa de contratación que está mal calculada e que onde pon 28,00 euros deberían ser 24,00 euros.

Explica que ao seu grupo, tendo en conta o que van aprobar aquí, parécelle importante incidir aínda máis no tema das axudas de custo, sobre todo porque ven inxusto que se estea cobrando por non facer nada. As comisións informativas non son operativas, todos están vendo que están tardando un cuarto de hora en saír, non se presenta ningún tipo de iniciativa, veñen un pouco a cubrir o expediente. Pensan que é unha boa forma, tamén, de ir aforrando nese tipo de percepcións que cobran todos.

Á parte di que tamén saben que esas axudas de custo, en xeral, foron modificadas o ano pasado e que en boa medida son unha especie de medias dedicacións, un tanto encubertas, onde se pode ver claramente que hai concelleiros que sen cobrar media dedicación están percibindo 1200-1300 euros ao mes en concepto de asistencias. Son medias dedicacións, pero chamadas doutra forma.

Conclúe dicindo que, por todo iso, e tendo en conta que todos están cobrando 100 euros por non sabe se é vir a pasear os martes, deberían telo en conta, de aí a súa proposta, e piden o apoio para a modificación da proposta que foi ditaminada na comisión.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que unha a tortas e outra a dereitas. Por un lado, están totalmente de acordo no que se acaba de dicir agora de que algúns concelleiros do equipo de goberno, a través das axudas de custo, teñen unha media dedicación, iso xa o dixo o PP cando modificaron as retribucións para aprobar os orzamentos, cando pactaron. Non só cobran practicamente como unha media dedicación, senón que ademais evitan pagar a Facenda, polo cal parécelles tremendamente insolidario que unha entidade pública como é o Concello de Cambre faga iso. Pero, por outro lado, tamén acaba de oír dicir que cobran por vir aquí a pasear o martes. Di que non se pode facer ese tipo de comentarios porque pensa que son prexudiciais para todos, para a Política, para os que están nela, e para os demais. Un concelleiro cobra 75 euros por asistir a comisións, se asiste, pero durante o resto do mes fai traballo, gasta diñeiro no seu coche, teléfono móbil, tempo,, polo tanto non se pode considerar que 75 euros por asistencia ás comisións son só por asistir ás comisións, senón que é unha forma de remunerar o traballo feito.

Continúa dicindo que é moi difícil valorar o traballo. O Sr. alcalde e o seu tenente de alcalde cobran uns soldos moi importantes e é penoso o que está pasando en Cambre, o que está pasando coa estrada de Sigrás, onde vai haber unhas expropiacións, vai haber unha reforma da estrada, e cando os veciños veñen ao concello a preguntar, dinlles que non saben nada. Nun concello como o de Cambre estanlles dicindo aos veciños que non saben nada. El xa lle dixo en varias ocasións ao Sr. alcalde que está invadido pola desidia, que non traballa.

O Sr. alcalde di que non están falando diso.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que están falando de por que cobran. El hoxe pola mañá foi a Santiago, presentouse na Xunta de Galicia e explicoulles o que está pasando en Cambre, que os veciños de Cambre non teñen información. Xa llo dixo ao Sr. alcalde cando foi o tema dos comedores, que se tiña que molestar, que tiña que ir á Coruña, a Santiago, a onde fixera falta, e igual que fixo el hoxe, tamén o podería ter feito o Sr. alcalde.

A continuación, don Nicolás José Cubeiro Martínez achégase ao Sr. alcalde para entregarlle unha copia da memoria das expropiacións da obra de Sigrás, o listado de expropiados, os planos da obra e un CD.

O Sr. alcalde preguntalle quen lle deu esta documentación.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que a administración, que o que non fixo o Sr. alcalde, fíxo el.

O Sr. alcalde dille que está mentindo pero que iso xa o falarán, porque dende o concello estiveron falando co delegado.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que este proxecto é de abril do 2008.

O Sr. alcalde manifesta que o PP vendeu a imaxe desa estrada e que agora veñen con isto, que nunca pasou que a administración non mandara as cousas.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez conclúe dicindo que, polo tanto, cando un concelleiro cobra 75 euros é polo traballo que fai durante o mes, non é só por vir aquí. Por todo isto ao seu grupo parécelle ben que se rebaixen os salarios, porque de feito eles presentaron unha moción no mesmo sentido, parécelles moi ben, pero as cousas hai que aclaralas, os puntos sobre os is.

O Sr. alcalde toma a palabra para manifestar que lle parece ben que o concelleiro popular trouxera eses datos, pero que lle parece vergonzoso que dende o concello se teñan dirixido ao director xeral e que non lles teña enviado nada. Tentaron reunións co delegado e o que mandou está aí. Pensa que eses amiguismos non deben de valer, parécelle lamentable. Di que de todas formas dirixirase ao conselleiro mañá mesmo.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que o lamentable é que os veciños de Cambre veñan ao concello e lles digan que a Xunta non informa, iso é lamentable. El foi a Santiago, molestouse, e aí o teñen, e iso debeu facelo o Sr. alcalde ou o seu tenente de alcalde.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que el non sabe se o tema era debater o que están debatendo, ou entrar nese outro tema, porque nese tema el tamén ten algunha cousa que aclarar e agarda que ao remate do punto se lle conceda a palabra para aclarar algunha cuestión.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo fixo unha proposta que calquera grupo da corporación podería ter feito, tiñan a proposta da Alcaldía e EU-IU presentou un voto particular. O PP dixo que está ben, pero tamén tiveron o mesmo dereito que EU-IU para presentalo.

Por outra parte, di que están mesturando o que se refire ás comisións co tema da estrada de Sigrás, con que foi a Santiago e estivo na Xunta, e que precisamente EU-IU trouxo esa pregunta o martes ás comisións, porque no seu grupo teñen por costume vir ás comisións e traer os deberes feitos, e esa pregunta trouxérona ás comisións do martes, cando o PP non trouxo nada, pero non trouxo nada non só á comisión deste martes,

senón ás comisións do mes pasado e do anterior e do anterior. Di que EU-IU si que trae o traballo ás comisións, o que non se pode é vir aquí, onde están falando dun punto totalmente distinto, e mesturar ese outro tema, o cal EU-IU xa trouxo o pasado martes ás comisións.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez preguntalle se lle solucionaron algo nas comisións do martes, que a solución está hoxe aí.

O Sr. alcalde toma a palabra para dicir que isto vulgarmente chámase unha cacicada, porque ao concello non lle contestaron ás cartas que teñen mandado, pero que non se preocupe, que mañá o presidente da Xunta terá unha carta. Di que o costume do Sr. Cubeiro é dicir e facer o tema, pero que os amiguismos fanse fóra, na administración é unha vergonza.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), sinala que el xa manifestou na comisión do martes a súa posición con respecto a este punto, cando dixo que el non se considera culpable, en absoluto, da crise que están padecendo, e que se el tiña un grao de area aí, había moitos que tiñan toneladas. Dixo que el estaría disposto a dar das asignacións que ten para algo concreto, para algo que el saiba onde vai o diñeiro que vai deixar de percibir voluntariamente, sabendo a que vai ser destinado, pero o que se lle di é que vai ser para que quede nas arcas municipais, vale, parécelle moi ben, pero el non está disposto a iso, posto que el non se considera responsable, en absoluto, da crise.

Di que precisamente co diñeiro que todos pagan de impostos, non hai moito tempo, se lle estivo metendo diñeiro á banca, por exemplo, que é bastante máis responsable do que é el, e do que son todos os traballadores e traballadoras deste país. A banca si cre que debe ter bastante culpa da crise, e as multinacionais tamén, mentres funden á pequena e mediana empresa na miseria e, como consecuencia, aos asalariados.

Continúa dicindo que é curioso que hoxe mesmo viran nas noticias da televisión que unha multinacional que hai uns meses presentara un expediente de regulación de emprego, un ERE, cando hai unhas semanas viu que o Goberno ía abaratar o despido retirou ese ERE, e resulta que onte presenta ese mesmo expediente de regulación, co mesmo persoal e con todo, pero máis barato. Pregunta que pasa aquí, a quen se lle está axudando, falase de gobernos de esquerdas, de gobernos de dereitas, pero ten moitas dúbidas de quen é cada quen, e que intereses busca cada quen, porque aquí mesmo, e sábeno todos os que levan un tempo vivindo na Coruña, ou en Cambre, na zona de influencia da Coruña, cando se viñeron as primeiras multinacionais de alimentación que se instalaron pola avenida de Lavedra, vendéronlles a moto de que ían xerar unha morea de empregos, e o que fixeron foi poñer nesas naves unha ringleira de caixas, todas coa súa caixeira. Hoxe as ringleiras están baleiras e hai unha caixeira ou dúas traballando. Ían crear non sabe cantos postos de traballo, pero pregunta cantos se foron ao garete,

cantos se foron ao paro das pequenas e medianas empresas de alimentación que había na zona. Di que un montón. Agora estanlles vendendo a moto de que esa multinacional sueca que se está instalando na Grela vai deixar 400 e pico empregos, fánelle con diñeiro público accesos e demais, e rápido, porque se abren antes de que estean terminados, e, por riba, haberá que indemnizalos con diñeiro público. Estáselles facendo aí a toda présa todo ese investimento para 400 e pico empregos que lles venden as administracións e os políticos de distintos partidos. Falan de xerar 400 e pico postos de traballo, pero pregunta cantos miles se van a ir á rúa con ese tema, iso non o di ninguén, seguimos engordando o paro.

Segue a dicir que as multinacionais todas din que perden cartos, pero os que están perdendo cartos son os asalariados. Pon como exemplo unha multinacional da alimentación en Alemaña, comprobada por el in situ, hai mes e pico, que ten tamén sucursais na zona da Coruña. El comprou produtos de alimentación, trouxo a lista de ter pagado para comprobar aquí, e tiña exactamente os mesmos prezos aquí que en Alemaña. Pola contra, o empregado, o asalariado desa empresa en Alemaña, cobra dúas veces e media máis que o mesmo asalariado, no mesmo posto, aquí. Os prezos igual, alí un 19% de IVE nos produtos que non son de primeira de necesidade, aquí, ata o momento, un 16%, no resto de produtos o IVE é máis baixo, como están aquí. Se isto é así e aquí din que perden cartos, pregunta que pasa.

Agora resulta que el, do seu peto, do pouco que ingresa, porque é un asalariado como foi toda a vida, agora vai regalar uns euros, non sabe para quen nin para que, gratis, porque como están en crise e na prensa ponse en moda que os políticos se baixen o soldo, entón baixano todos, porque está de moda, é unha moda, están en crise e baixan o soldo. El di que os baixe quen queira, que el non está en absoluto de acordo con iso, que llo baixarán se a votación que fagan aquí é maioritaria, pero el vai votar en contra de dar voluntariamente diñeiro para non sabe que cousas. Non se solidariza con nada porque non sabe con quen pode solidarizarse por ese tema.

Conclúe dicindo que, polo tanto, o seu voto vai ser en contra de que se toquen para nada as remuneracións.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que ela está totalmente de acordo con EU-IU, porque é unha das cousas que manifestaron todos os grupos nos orzamentos, que o único que pedían era unha baixada de salarios, pero di que ela incluso iría un pouco máis aló. Di que, por exemplo, nas xuntas de goberno local a proposta de Alcaldía é que se baixen a 190 euros, EU-IU propón a 160, ela só quere dicir que ten as actas desas xuntas, que se veñen facendo dúas ao mes, a maioría delas comezan ás 13:00 horas e rematan ás 13:10, dez minutos polos cales, concelleiros que non teñen dedicación, cobran 200 euros. Son 400 euros/mes só polas xuntas de goberno local, pero tamén están as xuntas de coordinación, das que solicitou as actas pero que aínda non lle foron enviadas. Cre que

foi no mes de febreiro cando tiveron un día especial e duraron media hora, pero o resto son de dez ou quince minutos. Cre que estas xuntas, e se non que lle corrixa a Sra. secretaria, non teñen delegación ningunha de competencias e, ademais, case todas as xuntas de goberno local están baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, por imposibilidade de asistencia do Sr. alcalde, tampouco asisten outros concelleiros, etc. Como xa dixon noutros plenos, isto é unha auténtica pantomima e unha farsa, o mesmo as xuntas de goberno local que as xuntas de coordinación, das que xa solicitou as actas que aínda non lle foron enviadas.

Conclúe dicindo que ela pensa que, tanto as xuntas de goberno local como as xuntas de coordinación, que non están previstas en ningún sitio que ela saiba, son reunións e órganos fantasmas que se inventaron no seu momento e cos que ela non está de acordo. Di que se fixeran as contas sería bastante diñeiro ao ano o que se podería aforrar.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que o seu grupo vai apoiar a proposta que fai o goberno local, que fai Alcaldía, en congruencia co acordo que se adoptou na Federación Española de Municipios e Provincias, e que fixo súa tamén a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), de reducións salariais dos cargos políticos, segundo a táboa explicitada. Di que esa é a proposta que van apoiar e que non van apoiar a proposta dese voto particular que fai EU-IU, parécelles moi respectable que se faga, pero hai outras opinións e, en todo caso, que sexa a maioría quen o decida.

Conclúe dicindo que visto o desenvolvemento deste debate a el fíxolle nalgún momento dudar cal era o asunto que estaban tratando, pero si chegou a unha conclusión interesante, que tamén é subxectiva e persoal, que dende logo hai que darlle grazas, non sabe se a Deus ou ao demo, ou a quen sexa, de que por fin a algunhas persoas lles viñera a iluminación, e se deran conta dos graves erros que estiveron cometendo durante moitísimo tempo, porque cando saen de determinado sitio é cando, precisamente, están en contra das cousas que practicaban e que naquel momento non lles ocorría absolutamente nada. Di que benvida sexa a iluminación, aínda que non sexa compartida. En todo caso, o traballo que fan todos e cada un deles, todas e cada unha, o traballo dos políticos, quen o vai xulgar van ser os cidadáns, e queda moi pouquiño tempo, ademais, para que o fagan.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, manifesta que el non vai debater sobre o que pasa noutros países, porque o descoñece, aínda que todos teñen coñecemento da crise e das dificultades que están atravesando en Europa e en gran parte do mundo. O que el si sabe é que nalgúns sitios de Cambre, nalgunhas casas de Cambre, están a pasalo moi mal. Cre lembrar que o salario mínimo interprofesional son 633 euros, e hai familias que non perciben nin a metade. Cre que para dar un exemplo, e sobre todo unha mostra de solidariedade, deberían rebaixar as axudas de custo por

asistencia, aínda que non sexa máis que por iso, por solidariedade con esas persoas que o están pasando moi dificilmente nas súas casas.

Continúa dicindo que, por outra parte, o seu partido tamén apoia a proposta da FEGAMP, porque forma parte dela e son consecuentes con iso. Eles xa tiñan feito outra proposta anteriormente, nunha moción que non se chegou a debater, e o apoian, pero cre que hai que abondar moito máis. Non chega só con reducir os salarios, cre que hai que reducir as axudas de custo, nestes momentos que se están atravesando hai que arrancar gran a gran de todos os sitios. Todos, e eles os primeiros, son os que teñen que dar exemplo, por iso someten a votación a súa proposta.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro do PP, manifesta que neste punto está a tratarse a redución dos soldos, dedicacións exclusivas e parciais, asistencias a plenos, pero non se está a falar dun tema que tamén supón un gasto importante para as arcas municipais, como son as asignacións aos grupos municipais. Di que el aí pide, se é posible votar nestes momentos, que se supriman esas asignacións aos grupos municipais. El entende que cando esas asignacións se deron, os grupos non tiñan os medios suficientes para poder traballar, hoxe en día dispoñen duns bos locais, cun salón de reunións para todos, un despacho individual para cada un, fotocopiadora, fax, teléfono, todo gratis, e entende que nestes momentos non son necesarias as asignacións aos grupos municipais. Polo tanto, o que pide é que non se lles pague nada aos grupos municipais.

O Sr. alcalde agradece a intervención do concelleiro popular.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que el quere aclarar un tema porque parece que non quedou claro. Di que se el vota en contra é porque ese diñeiro vaise ir ás arcas municipais sen saber para que. A el parécelle moi ben a solidariedade con persoas que están padecendo a crise dunha maneira extremadamente forte. A el se alguén lle di que ese diñeiro vai para esas persoas, que ao mellor quedaron no paro e resulta que non poden facer fronte as débedas que teñen, e que o diñeiro vai para axudar a esa xente, pareceríalle correcto, como se ten que dalo todo, pero se é para deixalo aí, sen saber para que, porque quede bonito e porque o decida a FEMP, a FEGAMP ou quen sexa, non está en absoluto de acordo.

En canto ao que dixo o Sr. Baamonde, que fala moi ben de que lle quiten as asignacións aos grupos políticos, parécelle moi ben, porque claro, co que cobrou nestes dous anos seguramente puxo moi ben o seu despacho, pero ao mellor cobrou 40.000 euros cada ano e, por exemplo o Partido Galeguista ao que el representa, cobrou 5000. Entón ao mellor o Sr. Baamonde púxose moi ben neses dous anos e agora sóbralle, pero entón que o regale o concelleiro popular, porque el ten que intentar sobrevivir, nada máis.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que o primeiro que lle pide ao Sr. Marante é respecto e quere que neste momento retire a acusación de que ten posto o despacho moi ben con diñeiro municipal, que é o que acaba máis ou menos de entrever. Quere que o retire, se non o fai, mañá pedirá unha copia literal desta gravación e fará o que lle pareza, porque lle parece unha acusación moi grave, á parte de infundada, moi grave. Iso é o primeiro que lle pide ao Sr. Marante, e dálle a oportunidade de que o retire aquí nestes momentos, se quere, e despois seguirá falando.

O Sr. alcalde di que pensa que xa está.

Don José Antonio Baamonde López di que non é así, pídlle ao Sr. alcalde que o permita.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que el se estaba referindo ao PP ou ao PSOE, que cobraban unha retribución por grupo bastante importante, el non cobraba esa retribución porque é un só, eses outros dous partidos eran sete concelleiros en cada grupo e tiñan unhas retribucións por grupo importantes. O de que xa teñen o seu despacho e as súas cousas díxoo o propio Sr. Baamonde, non o dixo el, por tanto, se eses partidos xa recuperaron nestes dous anos o que necesitaban parécelle moi ben, pero el non o recuperou. El está falando diso, non está falando de que o Sr. Baamonde o teña levado para a súa casa, para nada. El estaba falando das retribucións que tiña o PP e o PSOE comparadas coas súas. Iso é o que el estaba dicindo, e claro, coa cantidade de diñeiro que cobraban por ter unha maior participación, que lle parece correcto, pois diso que regalen o que sexa, pero el non pode, el ten os seus gastos.

Conclúe dicindo que el se refire a iso, que non se refería a que eles o teñan levado para ningunha cousa.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López contesta que no relativo a que o Sr. Marante ten os seus gastos e o necesita, o primeiro que lle ten que dicir e deixar claro é que, se están aquí, é por unha vocación de servizo ao veciño, non para pagar os gastos que teñen. En segundo lugar quere dicirlle que o primeiro ano que o grupo municipal popular cobrou das asignacións aos grupos políticos, el xa non era voceiro, por tanto el non tivo nada que ver con iso, nin fixo ningún gasto sobre ese diñeiro, gustaríalle saber cales son os gastos do Sr. Marante. Tamén lle pode dicir que a principios de lexislatura o concelleiro galeguista tiña 10.000 euros para o seu grupo, que era el só, e tamén lle pode dicir outra cousa, que o que fai para os plenos é presentar, hoxe unha folla con seis liñas, e en moitos plenos non presenta nada. Por todo iso, pídlle ao Sr. Marante que se deixe de falar do que gañan e non gañan, que estivo 20 anos no equipo de goberno e vai pasar á historia da corporación.

Continúa dicindo que o outro día o concelleiro do PG nomeou a un ex-compañeiro do PP para dicir que tiña unha dedicación parcial, cando tería que calarse, porque naquela

lexislatura o Sr. Marante tiña dedicación exclusiva e pensa que tamén cobraba da empresa na que traballaba. Vai pasar á historia en Cambre, primeiro porque foi 20 anos partícipe do desastre que teñen agora en Cambre, que non haxa Plan xeral, que non haxa unhas infraestruturas adecuadas, que non haxa prazas nos colexios, iso en 20 anos como partícipe do equipo de goberno, e tamén vai pasar á historia dende a oposición, porque hai tres meses co seu voto, o seu único voto, deu luz verde a un proxecto de máis de 100 chalés nos Campóns. Pregúntalle que tería pasado se esa urbanización se tivera aprobado co voto do Partido Popular, e repítelle que vai pasar á historia. Conclúe dicindo que están aquí por vocación de servizo, non para cobrar uns cartiños.

O Sr. alcalde sinala que unha intervención máis e pasan á votación do asunto.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que el cre que se está desmadrando a cousa, que moi ben fala o Sr. Baamonde, é extraordinario, resulta que o PG tiña 10.000 euros de asignación, pois di que el non os viu, non sabe se llos repartiron ao concelleiro do PP ou se os levou, porque el non os viu.

Segue a dicir que cando el tivo dedicación exclusiva no concello foi nunhas circunstancias especiais, cando viñeran aqueles temporais, con aquelas inundacións, e el levaba Obras e Servizos. Tivo dedicación exclusiva porque non daba feito o traballo, foi un ano, non catro. Esa é a vocación de servizo da que fala o Sr. Baamonde, el non tivo catro anos con dedicación exclusiva, foi un ano, por mor do traballo, porque non daba feito. Esa é a vocación de servizo precisamente, cobrar polo traballo que se fai, loxicamente el non vai traballar gratis e mandar á súa familia a comer a casa doutro.

Por outro lado di que el pasará á historia dos veciños de Cambre, ou dos concelleiros de Cambre, pero que el non mentiu nada cando falou do concelleiro popular ao que se referiu o Sr. Baamonde.

Conclúe sinalando que o feito de que o Sr. Baamonde fora voceiro ou non cando os grupos políticos recibiron a primeira asignación nesta lexislatura, non é un problema del. Recibiu a asignación o PP, o PSOE, non a recibiu el, quen a recibiu foi o PG, como fixo o BNG e fixeron todos os grupos. Aquí ningún é distinto doutro.

O Sr. Baamonde López di que está de acordo co Sr. Marante, que eran outras épocas.

O Sr. alcalde pide orde.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el non interrompeu para nada, e que se o Sr. Baamonde vén hoxe un pouco eufórico que lle parece moi ben.

Don José Antonio Baamonde López contesta que é que se está preparando para mañá, para o partido de España.

O Sr. Marante Gómez manifesta que lle parece moi ben, que o Sr. Baamonde veña aquí na posición que sexa, pero que se el se presentou ás eleccións nesta última lexislatura por un partido distinto do que estivo durante 20 anos, por algo sería. Se marchou del, por algo sería, presentouse e apoiárono os veciños, cando era a primeira vez que o PG se presentaba en Cambre. Apoiárono e puxérono de concelleiro, levara 20 anos ou 40 anos, foron os veciños, igual que puxeron ao concelleiro popular. El presentouse por primeira vez nun partido distinto, non se pasou a outro que se tivera presentado aquí algunha vez, e se o puxeron aquí sería porque non lles importou que levara 23 anos aquí.

Don José Antonio Baamonde López lémbrale ao Sr. Marante Gómez que, efectivamente, marchou dous meses antes das eleccións do 2007.

O Sr. alcalde di que o tema xa está debatido e que van pasar á votación do asunto. Informa de que en primeiro lugar vaise votar o voto particular presentado por EU-IU.

Don José Antonio Baamonde López di que antes de votar o asunto gustaríalle saber se van tratar o tema das asignacións dos grupos políticos a posteriori, nunha xunta de voceiros, ...

O Sr. alcalde contesta que se queren poden propoñelo nunha xunta e que se trata, pero que neste punto non.

Don José Antonio Baamonde López di que pola súa parte el vai facer a proposta como concelleiro do Partido Popular.

O Sr. alcalde expón que antes de votar o ditame da comisión informativa do martes, van pasar á votación do voto particular de EU-IU, quitando a referencia que se fai na primeira parte, xa que a redución dos salarios do persoal de confianza e libre designación xa está recollida.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que pensa que hai que facer unha aclaración, porque na proposta que fai Alcaldía non vén recollido o desconto que se lle está facendo ao persoal de confianza e libre designación.

O Sr. alcalde contesta que se lles fai o mesmo que lles corresponde aos funcionarios.

O Sr. Taibo Casás sinala que está ben, pero que como non viña recollido por iso eles o propuxeron.

Segundo o disposto no artigo 115.1 d) do Regulamento orgánico municipal, en primeiro lugar sométese a votación ordinaria o voto particular presentado por EU-IU, coas modificacións acordadas en canto á eliminación do primeiro punto relativo á aplicación

da redución aos cargos de confianza e libre designación, por estar xa aplicándose a mesma redución que aos funcionarios, e coa modificación tamén do importe das asistencias á mesa de contratación, que será de 24,00 euros. Votan a prol os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e votan en contra os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a corporación por dezaioito votos en contra, acordou rexeitar o voto particular presentado por EU-IU.

A continuación, sometido a votación ordinaria o ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 22 de xuño de 2010, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP e os catro concelleiros do BNG, e votan en contra os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por dezasete votos a prol, acordou:

Primeiro: Aplicar, con efectos do 1 de xuño de 2010, unha redución do 7% sobre as retribucións anuais aprobadas polo Pleno da Corporación para os cargos que se desempeñan en réxime de dedicación exclusiva:

Cargo	Salario ata 31 de maio de 2010/anual, 14 mensualidades	Salario dende o 1 de xuño de 2010/anual, 14 mensualidades
Alcalde-Presidente	54.022,12	50.240,57
Concelleiro delegado da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo	47.000,00	43.710,00

Segundo: Aplicar, con efectos do 1 de xuño de 2010, unha redución do 5% sobre a retribución anual aprobada polo Pleno da Corporación dos cargos que se desempeñan en réxime de dedicación parcial. A retribución anual de 24.462,50 euros brutos anuais en 14 pagas, será a partir do 1 de xuño de 2010 de 23.239,37 euros brutos anuais en 14 pagas.

Terceiro: Aplicar, con efectos do 1 de xuño de 2010, unha redución do 5% ás cantidades a percibir en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados, que pasarán a ser as seguintes:

- Pleno: 190,00 euros
- Xunta de Goberno Local: 190,00 euros

- Xunta de Voceiros:	95,00 euros
- Xunta de Coordinación	95,00 euros
- Comisións Informativas:	95,00 euros
- Presidente Comisión Informativa:	285,00 euros
- Mesa Contratación:	28,50 euros

A asistencia a sesións dun mesmo órgano colexiado que teña lugar no mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.

Cuarto: Publicar os anteriores acordos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, de conformidade co establecido no art. 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

3º Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria

Vista a proposta de Alcaldía de data 17 de xuño de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Seguridade Cidadá de data 22 de xuño de 2010.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo municipal vaise abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita, e abstéñense os sete concelleiros do PP.

A corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación da Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria nos artigos 4, 8, 11, 12, 13, 62, 63, 68, 69, 71, 74, 75, 76, 78, 79, 80, 81, 82, 83 e 84, que quedan redactados como se transcribe a continuación, así como o cadro de infraccións e sancións que, como Anexo I formado por 19 folios, achégase ao presente acordo como parte integrante deste:

Artigo 4. Usuarios, condutores e titulares de vehículos

1.Os usuarios das vías están obrigados a comportarse de forma que non entorpezan indebidamente a circulación nin causen perigo, prexuizos ou molestias innecesarias ás persoas, ou danos aos bens.

2. Os condutores deben utilizar o vehículo coa dilixencia, precaución e non distracción necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo, coidando de non pór en perigo, tanto a si mesmos como os demais ocupantes do vehículo e ao resto de usuarios da vía.

O condutor deberá verificar que as placas de matrícula do vehículo non presentan obstáculos que impidan ou dificulten a súa lectura e identificación.

3. Os titulares e, no seu caso, os arrendatarios dos vehículos teñen o deber de actuar coa máxima dilixencia para evitar os riscos que comporta a súa utilización, manténdoo nas condicións legal e regulamentariamente establecidas, someténdoo aos recoñecementos e inspeccións que correspondan e impedindo que sexan conducidos por quen nunca obtiveran o permiso ou a licenza de condución correspondente.

Artigo 8. Control do vehículo e outras obrigacións do condutor

1. Os condutores deberán estar en todo momento en condicións de controlar os seus vehículos ou animais. Ao aproximarse a outros usuarios da vía, deberán adoptar as precaucións necesarias para a súa seguridade, especialmente cando se trate de nenos, anciáns, invidentes ou outras persoas manifestamente impedidas.

2. O condutor dun vehículo está obrigado a manter a súa propia liberdade de movementos, o campo necesario de visión e a atención permanente á condución, que garantan a súa propia seguridade, a do resto dos ocupantes do vehículo e a dos demais usuarios da vía. Para estes efectos, deberá coidar especialmente de manter a posición adecuada e que a manteña o resto dos pasaxeiros e a adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados, de forma que non haxa interferencia entre o condutor e calquera deles.

3. Considérase incompatible coa obrigatoria atención permanente á condución o uso polo condutor, co vehículo en movemento, de dispositivos tales como pantallas con acceso a internet, monitores de televisión e reprodutores de vídeo ou DVD. Exceptúanse, para estes efectos, o uso de monitores que estean á vista do condutor e cuxa utilización sexa necesaria para a visión de acceso ou baixada de pasaxeiros ou para a visión en vehículos con cámara de manobras traseiras, así como o uso de dispositivo GPS.

4. Queda prohibido conducir e utilizar cascos ou auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son, así como outros dispositivos que diminúan a obrigatoria atención permanente á condución, excepto durante o correspondente ensino e a realización das probas de aptitude en circuíto aberto para a obtención do permiso de condución de motocicletas de dúas rodas, cando así o esixa o Regulamento Xeral de Condutores.

5. Prohíbese, durante a condución, a utilización de dispositivos de telefonía móbil, navegadores e calquera outro medio ou sistema de comunicación, excepto cando o

desenvolvemento da comunicación teña lugar sen empregar as mans nin usar cascos, auriculares, ou instrumentos similares.

Quedan exentos da devandita prohibición os axentes da autoridade, os condutores de vehículos especiais e de acompañamento destes, de furgóns de transporte de fondos e de escolta debidamente acreditados, no exercicio das funcións que teñan encomendadas.

6. Prohíbese conducir vehículos que teñan instalados inhibidores de radar ou calquera outros mecanismos encamiñados a interferir no correcto funcionamento dos sistemas de vixilancia do tráfico.

7. Prohíbese levar abertas as portas do vehículo, abrílas antes da súa completa inmovilización e abrílas ou apearse deste sen asegurarse previamente de que iso non implica perigo ou entorpecemento para outros usuarios, especialmente cando se refire a condutores de bicicletas.

8. Queda prohibido circular con menores de doce anos situados nos asentos dianteiros do vehículo salvo que utilicen dispositivos homologados para o efecto. Así mesmo, queda prohibido circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas con ou sen sidecar, por calquera clase de vía. Excepcionalmente permítese esta circulación a partir dos sete anos, sempre que os condutores sexan os pais ou as nais, titores ou persoa maior de idade autorizada por eles, utilicen casco homologado e se cumplan as condicións específicas de seguridade establecidas regulamentariamente.

Artigo 11. Velocidade dos vehículos que circulen por núcleo urbano

1. O límite máximo autorizado de velocidade a que poderán circular os vehículos por vías urbanas será de 30 Km/h, sen perxuízo de que a autoridade municipal, en atención ás circunstancias concurrentes, poida establecer para certas vías e/ou zonas límites inferiores ou superiores.

Nas zonas peonís, en rúas dun só carril ou de gran aglomeración de persoas, os vehículos non poderán exceder a velocidade de 30 Km/h.

2. Todo condutor estará obrigado a respectar os límites de velocidade establecidos. Co fin de adecuar a velocidade do vehículo de maneira que sempre poida deter a marcha deste dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo, deberá ter en conta, ademais:

1. As propias condicións físicas e psíquicas.
2. As características e estado da vía, do vehículo e da súa carga.
3. As condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación.
4. En xeral, todas aquelas circunstancias en cada momento concurrentes.

3. Poderase circular por baixo dos límites mínimos de velocidade nos casos de transportes e vehículos especiais, ou cando as circunstancias do tráfico impidan o mantemento dunha velocidade superior á mínima sen risco para a circulación, así como nos supostos de protección ou acompañamento a outros vehículos, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

Artigo 12. Actividades que afecten á seguridade da circulación

1. A realización de obras, instalacións, colocación de colectores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto de forma permanente ou provisional nas vías obxecto desta ordenanza necesitará a previa autorización municipal e rexeranse polo disposto nesta norma e nas leis de aplicación xeral. As mesmas normas serán aplicables á interrupción das obras, en razón das circunstancias ou características especiais do tráfico que poderá levar a efecto a pedimento da autoridade municipal.

2. Prohíbese arroxar, depositar ou abandonar sobre a vía substancias ou materiais que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento, facelo perigoso ou deteriorar aquela ou as súas instalacións, ou producir nela ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar. Así mesmo, prohíbese arroxar á vía ou nas súas inmediacións calquera obxecto que poida dar lugar á produción de incendios, ou accidentes ou que obstaculicen a libre circulación.

Os vehículos, especialmente cando se incorporen á vía pública procedentes de obras, desterres ou leiras de labranza adoptarán as medidas necesarias para manter as vías limpas de terra, barro ou outros materiais, obxectos e aparellos.

3. Quen crearan sobre a vía algún obstáculo ou perigo deberán facelo desaparecer canto antes, adoptando namentres as medidas necesarias para que poida ser advertido aos demais usuarios e para que non se dificulte a circulación.

4. Prohíbese ocupar unha vía de dominio público por causa de actividades ou instalacións sen autorización municipal.

5. Prohíbese expresamente a limpeza, lavado ou reparación de vehículos na vía pública.

Artigo 13. Emisión de perturbacións e contaminantes

1. Non poderán circular polas vías obxecto desta ordenanza os vehículos con niveis de emisión de ruído superiores aos regulamentariamente establecidos; así como tampouco emitindo gases ou fumes en valores superiores aos límites establecidos e nos supostos de ser obxecto dunha reforma de importancia non autorizada.

Todos os condutores de vehículos quedan obrigados a colaborar nas probas regulamentarias de detección que permitan comprobar as posibles deficiencias e reformas indicadas.

2. Tanto nas vías públicas urbanas como nas interurbanas prohíbese a circulación de vehículos a motor e ciclomotores co chamado escape libre, sen o preceptivo silenciador das explosións.

Prohíbese, así mesmo, a circulación dos vehículos mencionados cando os gases expulsados polos motores, en lugar de atravesar un silenciador eficaz, saian desde o motor a través dun incompleto, inadecuado, deteriorado ou a través de tubos resoadores e a dos de motor de combustión interna que circulen sen estar dotados dun dispositivo que evite a proxección descendente ao exterior de combustible non queimado ou lancen fumes que poidan dificultar a visibilidade aos condutores doutros vehículos ou resulten nocivos.

Os axentes da autoridade poderán inmovilizar o vehículo no caso de que supere os niveis de gases, fumes e ruídos permitidos regulamentariamente, segundo o tipo de vehículo, conforme o artigo 84.1 h) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

3. Queda prohibida a emisión dos contaminantes a que se refire o apartado 1 producida por vehículos a motor por riba das limitacións dispostas nas normas reguladoras dos vehículos.

4. Igualmente queda prohibida a dita emisión por outros focos emisores de contaminantes distintos dos producidos por vehículos a motor, calquera que fose a súa natureza, por riba dos niveis que o goberno estableza con carácter xeral.

Quedan prohibidos, en concreto, os vertedoiros de lixos e residuos dentro da zona de afección das estradas, en todo caso, e fóra dela cando exista perigo de que o fume producido pola incineración dos lixos ou incendios ocasionais poida alcanzar a estrada.

Artigo 62. Supostos

1. A Policía local poderá inmovilizar un vehículo cando:

- a) O vehículo careza de autorización administrativa para circular, ben por non obtela ou porque sexa obxecto de anulación, declarada a súa perda de vixencia.
- b) O vehículo presente deficiencias que constitúan un risco especialmente grave para a seguridade viaria.

c) O condutor ou o pasaxeiro non fagan uso do casco de protección, nos casos en que sexa obrigatorio.

d) Teña lugar a negativa a efectuar as probas para a comprobación do grao de impregnación alcohólica, do consumo de psicotrópicos, estupefacientes, estimulantes ou substancias análogas ou cando estas arroxen un resultado positivo.

e) O vehículo careza de seguro obrigatorio.

f) Se observe un exceso nos tempos de condución ou unha minoración nos tempos de descanso que sexan superiores ao 50 por 100 dos tempos establecidos regulamentariamente, salvo que o condutor sexa substituído por outro.

g) Se produza unha ocupación excesiva do vehículo que supoña aumentar nun 50 por 100 o número de prazas autorizadas, excluída a do condutor.

h) O vehículo supere os niveis de gases, fumes e ruído permitidos regulamentariamente segundo o tipo de vehículo.

i) Existan indicios racionais que poñan de manifesto a posible manipulación nos instrumentos de control.

j) Se detecte que o vehículo está dotado de mecanismos ou sistemas encamiñados a eludir a vixilancia dos axentes de tráfico e dos medios de control a través de captación de imaxes.

k) En calquera outra circunstancia que legalmente se estableza.

A inmovilización levantarase no momento en que cese a causa que a motivou.

Nos supostos previstos no apartado 1, parágrafos h), i) e j), a inmovilización só se levantará no caso de que, trasladado o vehículo a un taller designado polo axente da autoridade, aquel certifique a desaparición do sistema ou manipulación detectada ou xa non se superen os niveis permitidos.

2. No suposto recollido no apartado 1, parágrafo e), estarase ao disposto no Texto refundido da lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación viaria, aprobado por Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro.

3. A inmovilización do vehículo producirase no lugar sinalado polos axentes da autoridade. Para estes efectos, o axente poderá indicar ao condutor do vehículo que continúe circulando ata o lugar designado.

4. Os gastos que se orixinen como consecuencia da inmovilización do vehículo serán por conta do condutor que cometeu a infracción. Na súa falta, serán por conta do condutor habitual ou do arrendatario e, a falta destes, do titular. Os gastos deberán ser aboados como requisito previo a levantar a medida de inmovilización, sen prexuízo do correspondente dereito de defensa e da posibilidade de repercutilos sobre a persoa responsable que dea lugar a que a administración adopte a dita medida.

Nos supostos previstos no apartado 1, parágrafos h), i) e j), os gastos da inspección correrán por conta do denunciado, se se acredita a infracción.

5. Se o vehículo inmovilizado fora utilizado en réxime de arrendamento, a inmovilización do vehículo substituirase pola prohibición de uso do vehículo polo infractor.

6. O pago dos gastos a que fai referencia o apartado 4 deste artigo é independente do pago da multa por infracción á normativa de tráfico que, no seu caso, se tramíte.

7. Paraos efectos de inmovilización, utilizaranse os instrumentos mecánicos adecuados, que se determinen, colocando na parte superior da porta da condutor a advertencia na que se fará constar información sobre o procedemento que se vai seguir.

8. A utilización destes instrumentos, co fin de inmovilizar o vehículo dará lugar ao pagamento dunha taxa segundo estableza a correspondente ordenanza fiscal.

Artigo 63. Retirada de vehículos

1. A autoridade encargada da xestión do tráfico poderá proceder, se o obrigado a iso non o fixera, á retirada do vehículo da vía e o seu depósito no lugar que se designe nos seguintes casos:

a) Sempre que constitúa perigo, cause graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns ou deteriore algún servizo ou patrimonio público.

b) En caso de accidente que impida continuar a súa marcha.

c) Cando, procedendo legalmente a inmovilización do vehículo, non houber lugar adecuado para practicala sen obstaculizar a circulación de vehículos ou persoas.

d) Cando, inmovilizado un vehículo de acordo co disposto no artigo 62 desta ordenanza, non cesasen as causas que motivaron a inmovilización.

e) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como zonas de aparcadoiro reservado para o uso de persoas con discapacidade sen colocar o distintivo que o autoriza.

f) Cando un vehículo permaneza estacionado nos carrís ou partes das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios (carril bus, carril taxi, paradas, diminuídos físicos, etc) e nas zonas reservadas á carga e descarga.

g) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria sen colocar o distintivo que o autoriza, ou cando se pase o triplo do tempo aboado conforme ao establecido nesta ordenanza municipal.

h) En calquera outro suposto legalmente previsto.

2. Salvo nos casos de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular, debidamente xustificadas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada á que se refire o apartado anterior, serán por conta do titular, do arrendatario ou do condutor habitual, segundo o caso, que deberá aboalos como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de recurso que lle asiste e da posibilidade de repercutilos sobre o responsable do accidente, do abandono do vehículo ou da infracción a que dea lugar a retirada.

3. O concello deberá comunicar a retirada e depósito do vehículo ao titular no prazo de 24 horas nos termos previstos pola lexislación vixente

Artigo 68. Tratamento residual do vehículo

1. A administración competente en materia de xestión do tráfico poderá ordenar o traslado do vehículo a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación:

a) Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo fora inmovilizado ou retirado da vía pública e depositado pola administración e o seu titular non formulara alegacións.

b) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matrícula.

c) Cando recollido un vehículo como consecuencia de avaría ou accidente deste nun recinto privado o seu titular non o retirou no prazo de dous meses.

Con anterioridade á orde de traslado do vehículo, a administración requirirá ao seu titular advertíndolle que, de non proceder á súa retirada no prazo dun mes, procederase ao seu traslado ao Centro Autorizado de Tratamento.

2. No suposto previsto no apartado 1, parágrafo c), o propietario ou responsable do lugar ou recinto deberá solicitar da Xefatura Provincial de Tráfico a autorización para o tratamento residual do vehículo. Para estes efectos deberá achegar a documentación que acredite solicitar ao titular do vehículo a retirada do seu recinto.

3. Naqueles casos en que se estime conveniente, a Alcaldía ou autoridade correspondente por delegación, poderán acordar a substitución da destrución do vehículo pola súa adxudicación aos servizos de vixilancia e control do tráfico, segundo a normativa vixente ao devandito efecto.

Artigo 69. Estacionamento en zona de horario limitado

Os vehículos que ocupen unha praza de estacionamento con limitación temporal poderán ser retirados en calquera das circunstancias seguintes:

- a) Cando o vehículo non aboe previamente o distintivo de autorización. Presumirase que non se aboou o devandito distintivo cando este non estea colocado de forma visible no parabrisas do vehículo.
- b) Cando o tempo de ocupación da praza exceda no triplo do que conste como autorizado no distintivo.
- c) Cando se produzan situacións especiais de emerxencia, catástrofe ou perigo inminente, os vehículos que dificulten ou imposibiliten o paso dos vehículos dos servizos de emerxencia por estar correcta ou incorrectamente estacionados, ocupando unha praza de estacionamento con limitación temporal, poderán ser apartados, arrastrados, empuxados ou retirados polos medios que teñan ao seu alcance neses momentos os devanditos servizos de emerxencia. Os titulares e/ou condutores dos vehículos incorrectamente estacionados serán responsables dos danos que se lles poida causar nestas manobras, sen prexuízo, ademais da denuncia da infracción cometida.

Artigo 71. Gastos

Salvo as excepcións legalmente previstas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada dun vehículo da vía pública e a súa estancia no depósito serán por conta do titular, do arrendatario ou do condutor habitual, segundo o caso, que terá que pagalos ou garantir o pago como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de interposición de recurso que lle asiste e da posibilidade de repercutilos sobre o

responsable da situación que dea lugar á retirada. A retirada do vehículo só poderá facela o seu titular ou persoa autorizada.

Artigo 74. Persoas responsables

1. Para os únicos efectos da determinación da responsabilidade no ámbito administrativo polas infraccións tipificadas na Lei de seguridade viaria, nas disposicións regulamentarias que a desenvolvan e na presente ordenanza, a responsabilidade das infraccións ao disposto recaerá directamente no autor do feito en que consista a infracción. No entanto:

a) O condutor dunha motocicleta, dun ciclomotor, dun vehículo de tres ou catro rodas non carrozados ou de calquera outro vehículo para o que se esixa o uso de casco por condutor e pasaxeiro será responsable pola non utilización do casco de protección polo pasaxeiro, así como por transportar pasaxeiros que non contén coa idade mínima esixida.

Así mesmo, o condutor do vehículo será responsable pola non utilización dos sistemas de retención infantil, coa excepción prevista no artigo 11.4 cando se trate de condutores profesionais.

b) Cando a autoría dos feitos cometidos corresponda a un menor de dezaioito anos, responderán solidariamente con el os seus pais, titores, acolledores e gardadores legais ou de feito, por esta orde, en razón ao incumprimento da obrigaón imposta a estes que comporta un deber de previr a infracción administrativa que se impute aos menores.

A responsabilidade solidaria quedará referida estritamente á pecuniaria derivada da multa imposta.

c) Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo e este tivese designado un condutor habitual, a responsabilidade pola infracción recaerá neste, salvo no caso de que acreditase que era outro o condutor ou a subtracción do vehículo.

d) Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo e este non tivese designado un condutor habitual, será responsable o condutor identificado polo titular ou o arrendatario a longo prazo, de acordo coas obrigaóns impostas no artigo 9 bis.

e) Nas empresas de arrendamento de vehículos a curto prazo será responsable o arrendatario do vehículo. No caso de que este manifestase non ser o condutor, ou fose persoa xurídica, corresponderanlle as obrigaóns que para o titular establece o artigo 9 bis. A mesma responsabilidade alcanzará aos titulares dos talleres mecánicos ou establecementos de compravenda de vehículos polas infraccións cometidas cos vehículos mentres estean alí depositados.

f) O titular, ou o arrendatario a longo prazo, no caso de que constase no Rexistro de Vehículos, será en todo caso responsable das infraccións relativas á documentación do vehículo, aos recoñecementos periódicos e ao seu estado de conservación, cando as deficiencias afecten ás condicións de seguridade do vehículo.

g) O titular ou o arrendatario, no caso de que constase no Rexistro de Vehículos, será responsable das infraccións por estacionamento, salvo nos supostos en que o vehículo designase un condutor habitual ou se indique un condutor responsable do feito.

2. O disposto no presente artigo entenderase para os únicos efectos da determinación da responsabilidade no ámbito administrativo polas infraccións tipificadas na presente lei.

Artigo 75. Órgano competente

1. Será competencia da Alcaldía a imposición das sancións por infracción ás normas de circulación cometidas en vías urbanas, así como os preceptos contidos na presente ordenanza, podendo delegar esta facultade de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 76. Valor probatorio das denuncias dos axentes

As denuncias formuladas polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico darán fe, salvo proba en contrario, dos feitos denunciados e da identidade de quen os cometeron, así como, no seu caso, da notificación da denuncia, sen prexuízo do deber daqueles de achegar todos os elementos probatorios que sexan posibles sobre o feito denunciado.

Artigo 78. Procedemento administrativo

1. O procedemento administrativo para a imposición de sancións por infracción dos preceptos recollidos nesta ordenanza rexerese polo que respecto diso establece o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, na súa redacción dada por Lei 18/2009, do 23 de novembro, o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, normativa que, no seu caso, o substitúa e normativa concordante.

2. O órgano encargado da instrución dos expedientes sancionadores será a Unidade de Instrución de Sancións Municipais de Tráfico da Deputación Provincial da Coruña, con domicilio na Rúa Archer Milton Huntington, nº 17, 15071-A Coruña, en virtude de adhesión expresa deste concello ás Bases para a prestación de servizos en materia de sancións de tráfico publicadas no Boletín Oficial da Provincia do 17 de xullo de 2009.

Artigo 79. Alegacións, escritos e recursos

1. Ademais de nos rexistros, oficinas e dependencias previstos no apartado cuarto do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, as alegacións, escritos e recursos que se deriven dos procedementos sancionadores en materia de tráfico poderán presentarse nos rexistros, oficinas e dependencias expresamente designados na correspondente denuncia ou resolución sancionadora.

As alegacións, escritos e recursos que se deriven dos procedementos sancionadores material e territorialmente competencia deste concello poderán presentarse nas oficinas de Rexistro da Deputación Provincial da Coruña e decretaranse á Unidade de Instrución de Sancións Municipais de Tráfico do devandito organismo.

Cando se presenten nos rexistros, oficinas ou dependencias non designados expresamente na denuncia ou resolución sancionadora, estes remitiranos á Unidade de Instrución de Sancións Municipais de Tráfico da Deputación Provincial da Coruña o máis axiña posible.

2. Cando se siga o procedemento sancionador abreviado establecido no artigo 80 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, na súa redacción dada por Lei 18/2009, do 23 de novembro, por realizar o pago voluntario da multa xa sexa no acto de entrega da denuncia ou dentro do prazo de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da súa notificación, terase por concluído o procedemento sancionador con, entre outras, as seguintes consecuencias:

- a) Termina o procedemento sen necesidade de ditar resolución expresa o día en que se realice o pago.
- b) Esgótase a vía administrativa sendo recorrible unicamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.
- c) O prazo para interpor o recurso contencioso-administrativo iníciase no día seguinte a aquel en que teña lugar o pago.
- d) A firmeza da sanción na vía administrativa desde o momento do pago, producindo plenos efectos desde o día seguinte.

3. Contra as resolucións sancionadoras ditadas pola Alcaldía ou, no seu caso, órgano en quen delegue, cando se siga o procedemento sancionador ordinario disposto no artigo 81 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, na súa redacción dada pola Lei 18/2009, do 23 de novembro estarase ao establecido nos seguintes apartados, segundo dispón o artigo 82 da devandita norma:

- a) A resolución sancionadora porá fin á vía administrativa e a sanción poderase executar desde o día seguinte a aquel en que se notifique ao interesado,

producindo plenos efectos ou, no seu caso, unha vez transcorra o prazo de 30 días naturais.

b) Contra as resolucións sancionadoras, poderá interporse recurso de reposición, con carácter potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

O recurso interporase ante o órgano que ditou a resolución sancionadora, que será o competente para resolvelo.

c) A interposición do recurso de reposición non suspenderá a execución do acto impugnado nin a da sanción. No caso de que o recorrente solicite a suspensión da execución, esta entenderase denegada transcorrido o prazo dun mes desde a solicitude sen que se resolvera.

d) Non se terán en conta na resolución do recurso feitos, documentos e alegacións do recorrente que se puidesen achegar no procedemento orixinario.

e) O recurso de reposición regulado neste artigo entenderase desestimado se non recae resolución expresa no prazo dun mes, quedando expedita a vía contencioso-administrativa.

4. Se o presunto infractor non formula alegacións nin paga con redución no prazo de 20 días naturais, a denuncia correctamente notificada produce efecto de acto resolutorio do procedemento nos supostos establecidos polo artigo 81.5 LSV. A terminación do procedemento pon fin á vía administrativa e a sanción poderase executar desde o día seguinte ao transcurso de trinta días naturais desde a notificación da denuncia, polo que quedará aberta a vía contencioso-administrativa.

5. Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, os interesados poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente.

Artigo 80. Prescrición e caducidade

1. O prazo de prescrición das infraccións dispostas nesta lei será de tres meses para as infraccións leves e de seis meses para as infraccións graves e moi graves.

O prazo de prescrición comezará a contar a partir do mesmo día en que os feitos se cometesen.

2. A prescrición interrómtese por calquera actuación administrativa da que teña coñecemento o denunciado ou estea encamiñada a pescudar a súa identidade ou domicilio e se practique con outras administracións, institucións ou organismos. Tamén

se interrompe pola notificación efectuada de acordo cos artigos 76, 77 e 78 da Lei 18/2009, do 23 de novembro.

O prazo de prescrición renovarase se o procedemento se paraliza durante máis dun mes por causa non imputable ao denunciado.

3. Se non se produciu a resolución sancionadora transcorrido un ano desde a iniciación do procedemento, producirase a súa caducidade e procederase ao arquivo das actuacións, a solicitude de calquera interesado ou de oficio polo órgano competente para ditar resolución.

Cando a paralización do procedemento se producise a causa do coñecemento dos feitos pola xurisdición penal, o prazo de caducidade suspenderase e, unha vez adquira firmeza a resolución xudicial, renovarase o cómputo do prazo de caducidade polo tempo que restaba no momento de acordar a suspensión.

4. O prazo de prescrición das sancións consistentes en multa pecuniaria será de catro anos e, o das demais sancións, será dun ano, computados desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a sanción.

O cómputo e a interrupción do prazo de prescrición do dereito da administración para esixir o pago das sancións consistentes en multa pecuniaria rexeranse polo disposto na Lei xeral tributaria.

Artigo 81. Contía das multas

1. As infraccións que puidesen cometerse contra o disposto na presente ordenanza serán sancionadas coas multas dispostas na Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, na súa redacción dada por Lei 18/2009, do 23 de novembro.

No anexo desta ordenanza recóllense, de acordo coa dita norma, aquelas infraccións máis comúns contra as principais normas en materia de tráfico, cando sexan de competencia municipal:

Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (LSV)

Regulamento xeral de circulación (CIR)

A presente ordenanza (OMT)

Así mesmo, recóllese o importe das sancións que lle corresponde a estas.

2. Aquelas infraccións que non están explicitamente previstas no cadro de infraccións e sancións mencionado no anterior apartado estean tipificadas na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria ou nas súas normas de desenvolvemento e resultasen de competencia municipal polo tipo de vía en que se cometen e pola materia sobre a que versan, serán sancionadas pola autoridade municipal da seguinte forma, salvo que na citada normativa se indique expresamente outra cousa:

a) Infraccións leves: multa de 80 euros.

b) Infraccións graves: multa de 200 euros.

c) Infraccións moi graves: multa de 500 euros.

3. Naqueles supostos nos que o titular dun permiso ou licenza de condución sexa sancionado en firme en vía administrativa pola comisión dalgunha das infraccións que, de conformidade coa lexislación vixente ao devandito efecto, leve aparellada a perda de puntos, comunicarse á Xefatura Provincial de Tráfico, órgano competente para a súa detración.

4. A competencia para impor a suspensión do permiso ou licenza de condución ou de circulación corresponde, en todo caso, ao xefe provincial de Tráfico.

Artigo 82. Redución e residencia

1. Notificada a denuncia, o denunciado poderá realizar o pago voluntario da multa no acto da súa entrega ou dentro do prazo de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da súa notificación cunha redución do 50 por cento do importe da sanción de multa.

O pago voluntario coa devandita redución implicará a renuncia a formular alegacións. No caso de que se formulen teranse por non presentadas. Terase por concluído o procedemento sancionador sen necesidade de ditar resolución expresa o día en que se realice o pago.

Artigo 83. Pago das multas

1. En virtude de convenio de delegación con data do 29 de outubro de 2009, o pago das multas, tanto ordinario como anticipado, farase efectivo ante o Servizo de Recadación da Deputación Provincial da Coruña, a través das entidades bancarias colaboradoras del, a través da Oficina Virtual Tributaria na enderezo web www.dicoruna.es ou nas redes de caixeiros habilitadas para o pago, así como en calquera outros lugares e medios de pago que habilite o devandito organismo para o pago dos ingresos de dereito público.

2. As multas que non se aboan durante o procedemento deberanse facer efectivas dentro dos quince días naturais seguintes á data da firmeza da sanción.

3. Vencido o prazo de ingreso establecido no apartado anterior sen que se satisfixera a multa, a súa exacción levarase a cabo polo procedemento de prema. Para ese efecto, será título executivo a providencia de constrinximento notificada ao debedor, expedida polo órgano competente da administración xestora.

Artigo 84. Responsables subsidiarios do pago de multas

1. Os titulares dos vehículos cos que se cometeu unha infracción serán responsables subsidiarios no caso de falta de pagamento da multa imposta ao condutor, salvo nos seguintes supostos:

a) Roubo, furto ou calquera outro uso no que quede acreditado que o vehículo foi utilizado en contra da súa vontade.

b) Cando o titular sexa unha empresa de aluguer sen condutor.

c) Cando o vehículo teña designado un arrendatario a longo prazo no momento de cometerse a infracción. Neste caso, a responsabilidade recaerá neste.

d) Cando o vehículo teña designado un condutor habitual no momento de cometerse a infracción. Neste caso, a responsabilidade recaerá neste.

2. A declaración de responsabilidade subsidiaria e as súas consecuencias, incluída a posibilidade de adoptar medidas cautelares, rexeranse polo disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación.

3. O responsable que satisfixera a multa ten dereito de reembolso contra o infractor pola totalidade do que satisfixera.

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente aprobada a ordenanza, publicándose integramente no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

4º Mocións

O Sr. alcalde informa de que había unha proposta que quería presentar fóra da orde do día, relativa á aprobación do proxecto da Casa da Cultura, pero parece ser que algúns compañeiros viñeron a ver o proxecto e non o puideron ver, polo tanto, se foi así prefírese que se lle diga, retira o tema e poden velo a semana que vén con calma.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, confirma que así foi.

O Sr. alcalde sinala que, entón, retiran hoxe esta moción e a semana que vén fan reunión de voceiros e estudan o proxecto.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que ela tamén veu o mércores e non estaba o aparelador, e lembra que ela non está na xunta de voceiros polo que solicita que tamén se lle informe dalgunha maneira.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que precisamente a proposta do seu grupo sobre este punto ía ser que se deixara sobre a mesa, porque nun proxecto desta envergadura, onde se vai investir algo máis de catro millóns de euros, cre que é necesario e imprescindible que o conxunto da corporación teña un coñecemento máis preciso do que supón o proxecto.

A continuación o Sr. alcalde manifesta que tamén había outra moción que presentaba o PP respecto da redución de salarios dos cargos electos e altos cargos locais que entende que non procede debater porque é o tema que se acaba de tratar.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que simplemente quere facer unha aclaración. Di que eles presentaron a moción por seguridade, porque o mes pasado xa se deu un caso similar e non se puido debater, por iso, por seguridade, por se non se aprobaba a proposta de Alcaldía, decidiron presentar eles esta.

Tamén quere dicir que na proposta da FEGAMP, a redución aos concelleiros que neste caso son da oposición sería dun 0,25, e aquí vai ser dun 5%. Di isto polo que se estivo discutindo ata agora.

Conclúe dicindo que simplemente se trataba de aclarar iso e que, por tanto, a moción a retiran, evidentemente.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo tamén trouxo un voto particular a este pleno, tendo en conta que as mocións ultimamente non se lles consideran de urxencia, porque o mes pasado presentaron unha moción neste mesmo sentido e non se considerou de urxencia. Por iso, para asegurar, o

seu grupo presentou o voto particular, porque a calquera grupo que presentara hoxe unha moción, por exemplo como fixo o PP, podería non terse considerado de urxencia e non debaterse tampouco, por iso EU-IU presentou o voto particular á proposta, o cal foi rexeitado pola maioría.

5º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. presidente, dáse conta pola secretaria da corporación do seguinte asunto:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1219, de data 15 de xuño de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“**Primeiro:** Dar a conformidade municipal ao custo de explotación das liñas de interese municipal de Cambre para o ano 2010, presentado pola concesionaria A.S.I.C.A, S.A., e que ascende a cantidade de 83.463,86 euros, ao que engadindo un 7% do IVE, resulta un total de 88.942,22 euros. Este novo importe será tido en conta aos efectos do cómputo do déficit de explotación a asumir polo Concello de Cambre, de acordo coa cláusula II.3 Cobertura de déficits do anexo V do convenio para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia.

Segundo: Dar trasaldo desta resolución á Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia e á empresa A.S.I.C.A, S.A, concesionario destas liñas de interes municipal.

Terceiro: Dar conta desta resolución ao pleno municipal.”

6º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 9294 o día 18 de xuño de 2010.

1º Rogamos ao equipo de goberno nos informe da dispoñibilidade horaria que posúen os distintos concelleiros de goberno para atender aos veciños de Cambre.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, engade que esta pregunta xa a fixeron en varias ocasións e que a resposta é nula sempre.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que o Sr. alcalde ten dous días específicos para recibir, pero que tamén recibe todos os demais días con cita previa, sempre que o permitan as outras ocupacións que teña.

O mesmo o primeiro tenente de alcalde que, cre recordar, ten fixados o martes e mércores, pero que tamén recibe con cita previa calquera outro día da semana, sempre que non teña ningunha outra ocupación.

Sinala que el mesmo ten fixado un horario de atención ao público de 13 a 14 horas, todos os días e, con cita previa ou para algunha cousa urxente tamén polas tardes, de feito ten bastantes citas polas tardes.

Don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, por temas de traballo, reciben polas tardes principalmente. Dona Gumersinda Becerra Montes, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo, don José Francisco Parceros Rial, dona Carmen Tato Lago e dona Erundina Prado Arcay, todos eles, calquera día pola mañá con cita previa, sempre que non teñan outra ocupación, ou incluso pola tarde se son cousas moi urxentes.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta como o poden saber os veciños, supón que teñen que vir, preguntar e que se lles dá cita, porque se non é difícil adivinar cando está un ou cando está outro, porque información pública dun horario, dunha dispoñibilidade non existe.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que agora queda reflectido en acta.

O Sr. alcalde indica que ás veces é difícil, porque sempre hai reunións e outros temas. O mellor é citar á xente dun día para outro e estar.

Don Jaime Manuel López Lisnier sinala que, efectivamente, é difícil que unha persoa chegue e diga que quere falar con tal concelleiro. Ao mellor ese concelleiro está vendo unha obra ou saíu a outro sitio, por iso se necesita cita previa. Di que no seu caso particular, aínda que non ten dedicación, entre 13 e 14 horas normalmente está aquí.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que non está seguro, tería que buscar para saber cal é a data, pero cre que aos voceiros dos grupos municipais da oposición lles pasaron hai un montón de meses o modo de contacto por teléfono e correo electrónico, máis os horarios aproximados dos concelleiros do BNG.

En calquera caso, quere deixar clara unha cuestión, polo menos el, que está por aquí todos os días, non ten detectado persoalmente o problema de que veciños ou entidades teñan algún tipo de dificultade para contactar con calquera persoa do grupo de goberno, porque ademais hai unha flexibilidade total para atendelos no momento que lles veña ben, xa sexa nos horarios que teñen establecidos para citar, ou se non é posible, polas tardes, ou en calquera momento, como están facendo de maneira habitual moitas veces. Polo tanto, cre que ese problema non existe, os funcionarios reciben os avisos para calquera deles, llelos transmiten e marcan citas ou buscan a maneira de acordar cal é o mellor momento para ver as cousas. Ese problema non se está producindo, e estase

recibindo a multitude de persoas sen cita, simplemente faise un oco para atendelos en calquera momento.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que o Sr. Iglesias xa ve problemas onde non os hai, el non dixo que houbera un problema, simplemente estáballes preguntando cal era a súa dispoñibilidade, nada máis, non lles dixo que houbera un problema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que hai meses que llo dixeron.

2º Os camiños das parroquias de Sigrás, Cela e outras zonas do municipio empezan a estar intransitables pola maleza das súas marxes. Rogamos nos informen de cando ten pensado o concello empezar con esta tarefa.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que teñen razón, e que non son só eses, senón tamén os de Pravio, os de Brexo, os de Andeiro. Agora mesmo o departamento de Contratación está rematando os trámites, está o proceso de contratación xa en marcha, hai catro empresas presentadas, e agora están facendo a valoración para que nos próximos días se faga a adxudicación e se poñan co traballo inmediatamente.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que este é un problema que se repite todos os anos, e o que a el lle chama a atención é que se estea agora co proceso de contratación. Di que todos os anos saben que hai que rozar, todos os anos saben que hai que facelo nunha data determinada, pregunta por que non se fai con previsión, non é nada novo, non é unha cousa que xurda de súpeto, non é un accidente, polo tanto non entenden que agora empecen con isto, ademais é a desculpa eterna “estamos co proceso de contratación”. O que tiñan era que telo feito e ter unhas datas claras.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, se cadra, o Sr. Cubeiro sabe cal é a data exacta na que hai que facelo, pero pode haber opinións técnicas distintas. Efectivamente o procedemento de contratación está en marcha dende hai tempo, pode comprobalo, pode subir ao departamento de Contratación e ver dende cando está iniciado. Iso ten un tempo, e por moito que queiran, e por moita vontade que lle queiran poñer, os tempos nos procedementos administrativos son os que son, e non se poden saltar a lei. Efectivamente nalgúns sitios, depende de como sexa a climatoloxía do ano, igual conviña empezar no mes de maio, outras veces no mes de xuño, outras no mes de xullo. En todo caso, o procedemento estase rematando, adxudicárase a unha empresa nos vindeiros días e agardan que a finais da vindeira semana se poidan comezar os traballos. Iso é o que está previsto e o que se vai facer.

O Sr. alcalde dille ao concelleiro popular que non se preocupe, que se está contratando e que agardan que en 10 ou 15 días comecen.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), lémbrale ao Sr. Iglesias que o mes pasado, no pleno ordinario, el fixo esta mesma pregunta e o Sr. concelleiro contestoulle que en 15 días estarían curtando a herba, agora resulta que aínda está sen contratar despois dun mes. Di que hai que ser un pouco máis coherentes e un pouco máis serios.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dille ao Sr. Marante o mesmo, que ten o expediente de contratación á súa disposición, nel poderá ver a data na que se comezou ese expediente.

3º Os pais que acuden cos seus fillos ao parque infantil do campo da feira atópanse cunha gran cantidade de problemas. Á parte do mal estado do parque en xeral súmase agora a sucidade do lugar, grasa, botellas rotas e incluso a auga sucia da pulpeira que se instala alí os días de feira. Rogamos nos informen das medidas que teñen pensado tomar para solucionar esta situación.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, explica que esta situación é específica do campo da feira, pero que hai outros parques con problemas, de feito, en fronte do parque Ramón Barba houbo accidentes con certa frecuencia, polo que pregunta se lles pode informar destas cousas. Di que aclara isto porque o Sr. Iglesias é tan selectivo e contesta tan exclusivamente ao que se lle pregunta, segundo o interpreta, que lle agradecería se puidese dicir algo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el non leva directamente esta responsabilidade, pero que lle ía contestar exactamente ao que lle pregunta, porque é o lóxico. Con respecto ao parque do campo da feira é certo que xa ten unha situación de deterioración e que lle convida unha reforma a fondo, de todas maneiras a reposición e colocación de grava cre que se fixo xa nos últimos días, así como un traballo de limpeza a fondo para eliminar os restos que hai sempre metidos nos recunchos ou entre as pedras. Tamén se lle indicou á empresa de limpeza que colocara bolsas nas papeleiras porque era un dos problemas que se detectaban, que as papeleiras se usaban, pero o que se depositaba alí, caía.

En canto ao tema da pulpeira eran coñecedores do tema, porque, efectivamente, nalgunha ocasión detectouse que parte das augas sobrantes da pulpeira ían caer á zona do parque infantil. Déuselles aviso a través da Policía municipal haberá 15 ou 20 días, na última feira que tocou en domingo, de que iso non o podían facer e que esa auga non a podían botar nin sequera ao sumidoiro de pluviais, que tiñan que botala nun sumidoiro de augas fecais. Xa se lles deu o aviso e supón que o estarán cumprindo, en todo caso, estarán atentos.

Conclúe dicindo que tamén agardan que nestes días saia a contratación a redacción do proxecto de reforma do campo da feira, onde unha das cuestións que se van incluír é precisamente a reforma do parque infantil. Esa é tamén unha das razóns polas que non

ten ningún sentido abordar agora unha intervención integral, por separado do parque. Será cuestión de deixala para ese proxecto que agarda que se poida licitar e que estea en obras, funcionando, para finais deste ano.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 9365 o día 19 de xuño de 2010, xunto coas preguntas.

1º Tendo en conta os momentos de crise que estamos atravesando no conxunto do Estado, o noso grupo municipal considera necesario tomar algún tipo de medidas exemplarizantes para poñer en marcha un plan urxente de control e austeridade para recortar o gasto no concello, tentando minorizar as consecuencias da situación que estamos padecendo.

O noso grupo prega ao goberno leve a cabo a elaboración dun catálogo de medidas económicas onde se concretarán as reducións do gasto e se cuantificará o aforro que se consiga coa súa aplicación.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que iso estiveron a falalo e así que pasen todas estas medidas que se están tomando, que se faga un catálogo de medidas económicas, un estudo coa redución que supón todas esas medidas económicas, do gasto, cuantificando todo iso. Di que iso está pensado facelo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que supón que se está referindo a todos os departamentos do concello para reducir gastos que non sexan necesarios, pero sobre todo que non toque a temas sociais.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que así é.

Cando son as 21:25 horas abandona o salón de sesións don José Antonio Baamonde López, concelleiro do PP.

2º Unha información importante e complementaria sobre todo para a seguridade viaria dentro do termo municipal é o informe da memoria anual elaborado pola Policía Local.

O noso grupo prega se nos facilite o dito informe correspondente ao ano 2009.

O Sr. alcalde contesta que esta mañá estivo co xefe da Policía e aseguroulle que antes do vindeiro pleno teñen a memoria aquí. Houbo un atraso, unha demora por motivos de traballo, pero antes do vindeiro pleno entregaralla a todos os grupos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que pensa que un informe deste tipo xa non se debería ter que solicitar, senón que o debería facilitar de oficio o

concello. Di isto porque hai dous anos tamén o tivo que pedir en pleno, e o ano pasado non o pediu e non se lles facilitou. Este ano están no mes de xuño e pensa que xa vai sendo hora de poder contar co informe da Policía Local, un pouco para prever e para incidir nos sitios onde máis conflitos hai e onde máis accidentes hai, entre outras cousas.

O Sr. alcalde sinala que se non se lles deu sería porque algún erro houbo, pero que normalmente a Policía entrégao aos grupos cando o ten elaborado.

O Sr. Taibo Casás reitera que o ano pasado non se lles entregou, e que hai dous anos tiveron que pedilo en pleno. Este ano están no mes de xuño e volven insistir. Cre que xa vai sendo hora de que se lles entregue.

3º Transcorrido un tempo máis que prudencial da celebración das festas de Santa María na parroquia de Cambre:

- O noso grupo prega nos informen sobre o balance de gastos e ingresos relativos ao pasado ano.

- Poden informarnos da programación para o presente ano, incluído as actuacións previstas no festival Rock in Cambre.

Dona Erundina Prado Arcay responde que sen problema ningún, que isto se lle pode contestar hoxe, hai seis meses e hai sete meses tamén. Di que as festas de Santa María de Cambre do 2009 tiveron un gasto de 84.000 euros e tiveron uns ingresos de 77.500 euros, o Rock in Cambre tivo un orzamento de 58.000 euros e tivo uns ingresos de 3.350 euros. Se o Sr. Taibo quere algo detallado, partida por partida, dille que se lle pode pasar por escrito.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que si, que eles pedían que se lles facilitase un pequeno informe para ter constancia deses gastos.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que sen problema ningún. En canto á outra pregunta ela non ten a información completa, loxicamente. Di que mañá hai a presentación á prensa, a rolda de prensa, e non sabe ata que punto é correcto dar hoxe esa información e mañá reunir á prensa.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que el pensa que os membros da corporación deben ser os primeiros e non os últimos, porque o outro día xa saíu nos medios de comunicación algún grupo que vai estar presente no Rock in Cambre, e os concelleiros tiveron que enterarse pola prensa. Parécelle que é preceptivo que se enteren antes.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que está completamente de acordo pero que non sería a súa concellería a que dea esa información. Pregúntalle entón ao Sr. Taibo se quere que lle dea a información.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que esta é unha pregunta que se fai no pleno e que debe ser respondida no pleno, porque aquí hai persoas, veciños de Cambre, aos que tamén lles gustaría ter esa información.

Dona Erundina Prado Arcay expón que o que lle vai dar por escrito é a relación de gastos e ingresos das festas dos que antes lle deu o total. En canto ás festas deste ano iníciase o día 13, venres, co festival de rock, onde vai actuar Barón Rojo e dous grupos de Cambre que foron previamente seleccionados por un xurado, durante catro actuacións, trátase de Oath e Display of Power. O sábado está a actuación no anfiteatro de Rosa Cedrón co seu grupo. As festas de Sta. María iniciaránse o día 15 coa orquestra Trebol, o 16 a orquestra Armonía Show e o 17 Os Satélites. Iso máis ou menos é o que engloban as festas, algo máis detallado da programación do mes de agosto tamén se lles pode pasar por escrito.

Don Luis Miguel Taibo Casás agradece a información e, por outra parte, quere dicir que tamén se alegra de que veñan Os Satélites a Cambre para as festas de agosto.

Dona Erundina Prado Arcay di que se alegra de que se alegre.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que lle gustaría aclarar, tamén para non enterarse pola prensa, que ten noticias de que o Rock in Cambre vai ser patrocinado polo Xacobeo. Di que ignoran o importe que iso supón, pero que eles teñen a intención de falar co resto dos grupos para ver que finalidade se lle vai dar a ese diñeiro que se outorga ao Concello de Cambre. Haberá que ver se se reparte con outras comisións de festas, e ver onde vai ese diñeiro, porque, en calquera caso, é un diñeiro que vai axudar nos orzamentos municipais.

Dona Erundina Prado Arcay explica que as comisións de festas teñen un diñeiro xa nos orzamentos municipais asignado. Para o festival o concello todos os anos recaba subvencións a todas as entidades, este ano, ao mellor por pesados, e vendo a programación que se está desenvolvendo en Cambre durante os últimos 19 anos, o Xacobeo considerou promocionalos moi ben, con 18.000 euros, efectivamente. Á parte tamén están Gadisa e Coca Cola, cunha cantidade bastante máis insignificante, loxicamente. Iso vai destinado ao festival rock, que foi para o que se pediu a subvención.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 9403 o día 21 de xuño de 2010.

1º Rogo se informe en que estado se atopa o expediente de contratación para a redacción do PXOM.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), sinala que debe aclarar, aínda que o Sr. Baamonde agora non estea presente, pero para quen escoite, e para que quede en acta, que non é a primeira vez que pregunta polo Plan Xeral, nin dende a oposición, nin mesmo estando no goberno municipal, sendo secretario xeral do partido socialista, por escrito e por rexistro pediu información, esixindo información ao Sr. alcalde e ao Sr. concelleiro de Urbanismo. Polo tanto, que non diga que el é responsable destas cousas.

Cando son as 21:32 minutos reincorpórase á sesión don José Antonio Baamonde López.

O Sr. alcalde manifesta que, segundo lle informou a técnica de xestión que leva o tema de contratación, a próxima semana terá lugar a primeira mesa de contratación do Plan Xeral. Non sabe se vai ser o mércores ou o xoves, pero será a próxima semana.

2º Rogo se informe para cando ten pensado o grupo municipal presentar o proxecto para construción de beirarrúas entre Fabás e A Castellana.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que esta pregunta tamén a formulou nalgunha outra ocasión. Repítelle que os trámites que se fixeron ata o momento son, en primeiro lugar asumir esa obra, esa obra vaise facer por parte do goberno municipal. Fixeron unha visita cos técnicos da Xunta, da cal xa teñen informado en máis dunha ocasión, para saber en que condicións poderían executar o traballo. Teñen encargada unha memoria técnica que están agardando, esta mañá aínda falou coa consultora que a está elaborando e aseguráronlle que a vindeira semana llela ían mandar. Con esa memoria técnica van elaborar os documentos para que os veciños, os propietarios que teñen fincas lindeiras, asinen as cesións correspondentes. Poden adiantar que con algúns propietarios xa faláron e teñen o seu acordo total para facelo, pero, en todo caso, teñen que ir co proxecto técnico. Tamén teñen con ese proxecto técnico que pedir as autorizacións da Xunta, que é a propietaria da estrada, para poder executar a obra. Iso é no que están, di que el conta con que a memoria técnica a teñan a vindeira semana, e poidan xa comezar cos trámites para nun prazo razoable ter a obra en marcha.

3º Rogo se informe das xestións feitas polo goberno municipal para a instalación dunha marquesiña no alto da Rocha (Anceis) solicitada por decenas de veciños hai xa 20 meses.

Don José Francisco Parceró Rial contesta que nesa zona o concello non dispón de ningún terreo, polo tanto, terán que facer as xestións con algún veciño para ver se lles cede un trozo de terreo para montar a marquesiña e despois poñelo en coñecemento de Fomento, e sen problema ningún.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), agradece a resposta pero sinala que esa contestación lévalla dado o Sr. Iglesias xa bastantes veces, de hai tempo atrás. O Sr. Parcero comezou agora e parécelle perfecto, pero agarda que cando lle volva a preguntar xa lle teña feito as xestións, porque polo que se ve segue igual de hai meses.

Rogos da concelleira non adscrita presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 9439 o día 21 de xuño de 2010.

1º Rogo se me informe sobre as obras da rede de sumidoiros en San Lourenzo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que supón que se refire ás obras do POS 2007, que abandonou Indeza. Dille que a obra está rematada e só falta a reposición do asfalto nos tramos nos que se fixo o enterramento. Houbo un atraso de aproximadamente dúas semanas neste tema por culpa dos temporais que caeron a pasada semana, o que imposibilitou ese tipo de traballos, e que ademais atrasou tamén o comezo de asfaltado noutros camiños. Di que son coñecedores, ademais, de que precisamente por culpa deses últimos temporais, de principios deste mes, non só en San Lourenzo, senón tamén en Anceis, na zona dos Pazos, no Drozo e en Brexo, a zahorra que se lle botara está bastante deteriorada e realmente corre moita urxencia. Estes días íanse xa a poñer a rematar este traballo para que quede definitivamente listo.

2º Rogo se informe sobre o traslado do Pazo dos Vales á parroquia de Pravio.

O Sr. alcalde contesta que este é un expediente que se inicia no 2007 por Aena. Este proxecto tiña problemas porque estaba dentro da futura liña de afección da Vía Ártabra, subsanouse por parte de Aena. Agora enviouse a información pública e están pendentes de que os veciños presenten as reclamacións en prazo, se teñen algunha que facer, e falta o informe de Augas e de Estradas e, loxicamente, despois tamén falta o informe da Xunta, porque está en solo rústico. O que si ten é o informe de Patrimonio. Esa é a situación na que se atopa este expediente.

3º Rogo se me informe do estado das obras da escola de música Sementeira e de cando estarán acabadas.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que supón que cando di escola de música Sementeira está referíndose ao edificio municipal da escola de música.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, responde que por suposto, que é o único que hai en Cambre.

Dona Erundina Prado Arcay di que non, que a escola de música Sementeira está usando agora, neste momento, outro local. En canto ao local da escola municipal de música está amoblado, pero lamentablemente xurdiu algún problema máis de humidade que se está tratando de solucionar neste momento. Pero está amoblado e practicamente rematado.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta se é o problema de humidade que houbo xa hai uns meses do que tamén se informou neste pleno.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que máis ou menos, por outra parte, pero algo parecido.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta para cando estará inaugurada a escola.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que non o saben, que está a empresa agora tratando de subsanar o problema.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín sinala que a empresa tiña un prazo de finalización de obra.

Dona Erundina Prado Arcay di que si, que o tiña, que o cumpriu, pero que xurdiron problemas e está tratando, ata agora moi ben, de solucionarlos.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta se segue a mesma empresa inicial ou se lle rescindiron o contrato como se dixo aquí en pleno.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que para nada, que segue a mesma empresa tratando de solucionar o problema.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 9295 o día 18 de xuño de 2010.

1^a En que estado se atopa a implantación da administración electrónica no Concello de Cambre?

Dona Carmen Tato Lago contesta que xa se fixeron varios traballos referidos a este tema. Na primeira fase modernizaron o hardware, que son os servidores, para poder instalar os servizos requiridos cunha alta dispoñibilidade, para iso acolléronse a unha axuda do “*Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local*”. Atópase funcionando perfectamente, unha vez efectuado o cambio do servidor, que é unha nova máquina, e non se ten detectado ningún problema.

Continúa explicando que está funcionando a nova aplicación de xestión para instalacións deportivas, coa que os usuarios dos pavillóns poden facer a reserva sen ter que desprazarse ao concello. A dita aplicación foi incluída no FEESL.

Tamén se está adaptando e instalando o software necesario para a factura electrónica, que é o equivalente funcional da factura en papel, consistente na transmisión das facturas ou documentos análogos entre emisor e receptor por medios electrónicos e telemáticos, á vez que os provedores poderán consultar o estado das facturas, vía internet. Esta aplicación tamén foi incluída no FEESL.

Están instalados fisicamente os servidores para a instalación da aplicación de *Urbanismo en Red*, co obxecto de publicar os plans urbanísticos municipais a través de internet, habilitando que os veciños poidan acceder a eles de forma fácil e personalizada. A próxima semana vaise realizar nas instalacións municipais un curso para os técnicos do departamento de Urbanismo e Informática, para o manexo desta aplicación.

Estanse dando os pasos para pode obter, a finais deste ano, os xustificantes de empadramento, certificados e volantes vía internet, de xeito inmediato, así como a presentación de solicitudes e documentación por vía telemática.

Conclúe dicindo que tamén quere lembrar que se acaba de recibir unha carta da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, na que se convoca a todos os alcaldes, para o vindeiro venres día 2 de xullo, ás 11:00 da mañá. Nese acto levarase a cabo a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da comunidade autónoma de Galicia.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que el está seguro de que cando funcione vai ser bo para os veciños, pero hai algo que lle chama a atención, que xa estea funcionando o do *Urbanismo en Red*. Di que está seguro de que vai estar funcionando o *Urbanismo en Red*, pero para comprobar os plans xerais de urbanismo doutros concellos, porque o de Cambre lamentablemente van tardar bastantes anos, polo menos nesta lexislatura saben que non vai estar, mentres ese señor sexa alcalde. Diso está seguro, o *Urbanismo en Red* funcionará cos plans doutros concellos, co de Cambre dende logo que non.

Dona Carmen Tato Lago manifesta que o que ela ten que dicir é que están instalados fisicamente os servidores para a instalación da aplicación de *Urbanismo en Red*, o seu obxecto é principalmente o que acaba de dicir, de todas as maneiras, dado que xa se fixo esta instalación, a vindeira semana os técnicos do departamento de Urbanismo e Informática van realizar un curso para o manexo da aplicación. É dicir, evidentemente o investimento está aí, iso xa se fixo e agardan que non acabe como dixo o Sr. Cubeiro.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que a el chamoulle a atención ver a noticia do alcalde co presidente da Deputación, asinando un convenio para o *Urbanismo en Red*, para facelo público e demais, un alcalde que leva 11 anos para facer un plan xeral, di que non deixa de ser unha cousa curiosa.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Cubeiro que vergonza é que llelo traia na man e que non o manden oficialmente, que xa o falarán.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contéstalle que está á súa disposición.

2ª Veciños de Cambre amosáronnos o seu malestar pola falta dun paso adecuado na estrada AC-214 para cruzar o paseo fluvial. Que medidas ten pensado adoptar o goberno local ao respecto?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que supón que falan do paso que está entre A Casilla e A Telva, da continuidade do paseo fluvial, nas proximidades do Caneiro, e que efectivamente empeorou, sobre todo dende que o propietario da parcela do lado do Caneiro pechou a zona de expropiación temporal que tiña, recuperou a propiedade e impediu o paso por alí. Di que o que teñen pensado facer alí é intentar colocar un paso de peóns xusto en liña, para que no paseo non haxa que dar volta, senón que de fronte, a través da ponte, se poida pasar alí. Di que é fácil porque ademais naquel sitio estiman que, polo menos a simple vista, as distancias que hai á curva, tanto polo lado da ponte como polo lado do ferrocarril, son suficientes para que se autorice a colocación dun paso. O que habería que facer sería abrir os valados da ponte da estrada autonómica, queda ademais un tramo do sendeiro co outro practicamente en liña. É o que teñen pensado presentarlle tanto á Confederación Hidrográfica para que lles dea autorización a ver se poden continuar, como sobre todo á Xunta, pola estrada, porque teñen que autorizar tanto a abrir o paso nese punto como a colocar o paso de peóns.

3ª Tralos últimos accidentes ocorridos no centro de Cambre, que desgraciadamente lle custaron a vida a unha persoa o concello adoptou a medida de retirar dúas prazas de aparcamento para mellorar a visibilidade. Ten previsto o goberno local adoptar algunha outra medida?

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que el pensa que este debería ser un tema para tratar en profundidade, non deixalo agora só nunha pregunta e nunha resposta. Di que o que piden, e que probablemente debería ter sido un rogo e non unha pregunta, é que se recabe non sabe se a participación doutras persoas, pero que dende logo é algo que deben tomar moi en serio.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que comparte co PP a preocupación por este asunto, de todas maneiras quere dicirlle que ese paso de peóns, polos informes que

dan tanto os técnicos municipais como os axentes da Policía, cumpre ou cumpría todo este tempo coas medidas de prevención e sinalización, outra cousa é, evidentemente, a gran má sorte de que se produciran tres accidentes practicamente seguidos cando facía moitísimo tempo que non había ningún accidente aí. Non foi ademais por un problema de iluminación, non foron de noite, que foron a pleno día, e o que se fixo, como unha medida para asegurar máis, foi eliminar aquelas prazas de aparcamento para darlle algo máis de visibilidade.

Estase mirando por parte dos servizos técnicos de mellorar aínda máis, pero de todas maneiras el cre que todos son conscientes de que por perigo o paso de peóns máis perigoso non é ese precisamente, senón que hai outros nos que están traballando xa nunha serie de medidas. Non era ese precisamente o que requiría unha maior urxencia na actuación, outra cousa foi o cúmulo de circunstancias fatais que todos lamentan.

Conclúe dicindo que comparten a preocupación do Sr. Cubeiro.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 9365 o día 19 de xuño de 2010, xunto cos rogos.

1ª A pesar das reiteradas ocasións que o noso grupo municipal presentou, demandou e esixiu a inmediata posta en funcionamento do Consello Escolar Municipal como órgano necesario para intentar arranxar ou minimizar os problemas que xurden ano tras ano ante a escaseza de prazas escolares nas zonas máis urbanas do noso concello, e os conseguintes problemas que xurden na comunidade escolar, provocando unha falta de planificación unitaria da política educativa do concello e a propia imposibilidade de debater e propoñer propostas aos problemas presentes e futuros:

Considera o responsable de Educación que este problema non é o suficientemente importante para dedicar unha partida orzamentaria e poñer en funcionamento o Consello Escolar Municipal?

Ten pensado o concelleiro delegado de Educación facer algo para a constitución deste órgano ou considérao unha perda de tempo?

Don Jaime Manuel López Lisnier reconece que, efectivamente, o solicitaron varias veces. Tentouse actualizar o tema e o 5 de maio deste ano, se quere dálle logo copia do escrito, dende Secretaría pasaron a documentación á Educación, porque a persoa que se ía encargar de facelo non lle era posible. A partir desa data comezou a traballar a responsable de Educación, parece que o ten listo, o único que falta é designar ás persoas representantes de cada asociación. Encontrouse cunha dificultade ao tentar poñerse en contacto con algún deles, por exemplo en colexios e demais, onde este ano cambian os orientadores, directores dalgún centro, por iso díxolle o outro día que o mellor era

esperar a que saíran os nomeamentos, que saen agora no mes de xullo, para despois comunicar a todas as persoas das distintas entidades o seu nomeamento, e despois constituílo automaticamente. O proceso está aí.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, pregunta se sería xa para o comezo do curso que vén, xa no verán.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que a idea é que en setembro estean todos os membros nomeados e constituílo xa.

Don Juan Antonio Fernández López maniféstalle ao Sr. Lisnier que non sabe a alegría que lle dá, porque pensa que é un órgano fundamental e que pode axudar.

Don Jaime Manuel López Lisnier di que logo lle pasará copia de cando o pasaron ao seu departamento, por imposibilidade de facelo noutro.

2ª Sobre o estado de licitación do FEESL.

En que estado se atopan os diferentes procesos de adxudicación das obras do FEESL?

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que dá a pregunta por contestada, xa que nas resolucións de Alcaldía do mes de maio, que lle chegaron antonte, hai unha memoria explicativa de todas as obras correspondentes ao Fondo. Así pois, danse por informados, agora ben, quere explicar que as resolucións chegaron antonte e eles presentaron a documentación para o pleno o pasado venres.

3ª Sobre as comprobacións de emisións de radiacións nas antenas de telefonía móbil na rúa Tapia.

Recentemente o noso grupo municipal con base no contemplado no R.D. 1066/2001, solicitaba dos responsables do goberno se realizasen as medicións das radiacións que están a efectuar dúas antenas de telefonía móbil que se atopan instaladas nun edificio da rúa Tapia, no Temple.

Ante isto o noso grupo municipal pregunta:

Téñense realizado as medicións sobre os niveis de radiación das antenas mencionadas?

De ser afirmativa a resposta, cales foron os resultados?

Solicitou o concello ás compañías o estudo de niveis de exposición radioelectrónica nas áreas consideradas sensibles e próximas ás antenas?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, efectivamente, presentouse ese rogo no mes de marzo, e a continuación do pleno déronse instrucións para que se iniciaran as comunicacións, tanto coas empresas como coa administración, para pedir esa serie de cousas que se sinalan aí. Di que houbo algún problema de coordinación entre departamentos e quedou sen enviar o asunto.

A confusión veu dada tamén porque ao non ser unha moción, foi un rogo, non xerou automaticamente unha certificación do acordo por parte da Secretaría municipal e, dalgunha maneira, quedou aí parado.

Di que o que van facer é dirixirse ao organismo pertinente do Ministerio de Industria, e ás empresas para solicitarlles iso, mentres tanto, a través da páxina web, xa se fixo a primeira solicitude para que se inclúa a zona das antenas á que se fai referencia dentro do plan de estudo e investigación que fai o Ministerio de maneira aleatoria, para que ademais das esixencias que lles fan ás empresas, dos informes anuais periódicos, por empresa homologada, que certifican cal é o nivel de emisións, que os inclúan ademais nesas investigacións periódicas e aleatorias que se fan. Toda esta documentación vai saír nos próximos días e daránlle conta.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, agradece a resposta e sinala que a inquietude e a preocupación dos veciños do Temple, e máis concretamente da zona da Tapia, é moi importante neste tema. Polo menos a eles estánlles repetindo en varias ocasións que pregunten por este tema, e como os veciños son conscientes do rogo que EU-IU presentara nun pleno anterior, preguntáronlles hai unha semana se se tiñan realizado esas actuacións, por iso volveron preguntar e insistiron, e agardan que dentro de moi pouco tempo estean xa feitas esas comprobacións.

Preguntas da concelleira non adscrita presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 9437 o día 21 de xuño de 2010.

1ª Ten o concello información sobre a remodelación da estrada AC-213, no tramo A Telva-Os Campóns, que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vai desenvolver no termo municipal de Cambre?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, sinala que o Sr. alcalde dixo antes que era unha vergonza a actitude da Xunta de Galicia, ela cre que é unha vergonza a actitude do grupo de goberno, porque na páxina da Xunta, con data de 21 de xaneiro de 2010, a Xunta xa está comunicando que executará a obra. No DOGA do 20 de outubro de 2008, a Dirección Xeral de Obras Públicas resolve aprobar o proxecto de construción da mellora da seguridade viaria na estrada AC-213. O 29 de abril do 2010, por Resolución do 22 de abril, anuncia a licitación do procedemento aberto, con multiplicidade de criterios, das obras. Iso é público, pode velo calquera veciño, pero o

concello non o viu. Con data de 29 de abril de 2010 publicouse no DOGA a Resolución pola que se anuncia a seguinte licitación. Agora está o contrato de servizos para a realización de expropiacións da obra, adxudicada a Estudios del Noroeste, o 10 de maio.

Sinala que como toda a información é pública, tamén a lista de expropiados, o concello vese afectado nuns terreos que ten no Souto e nos Campóns. A ela o que lle parece un pouco, non di sospeitoso, pero si vergonzoso, é que o concello saque notas de prensa dicindo que non teñen coñecemento desta obra. Tamén acusan á Xunta de non remitir información, pero tal e como puido ir o PP a Santiago a recabar a información, tamén puido ir ela, que é unha concelleira non adscrita, non está nin no grupo socialista nin no Partido Popular. Como é unha información pública a ela déuselle sen ningún problema, non ve que problema ten o concello para non ir a buscala, non sabe se entra dentro das axudas de custo por desprazamento.

O Sr. alcalde contesta que lle parece moi ben e que todo iso está bárbaro, pero que tamén é verdade que o concello é unha administración, ten servizos afectados, e teñen pedido unha copia do proxecto, e a resposta que lles deron foi que foran a unha imprenta e que fixeran fotocopias, e ese non é o sistema. Di que mandaron cartas e hai tres ou catro días, ou unha semana, o delegado remitiulles unha copia de planos, pero aquí a xente que vén é para ver as expropiacións.

O goberno municipal pode, como podía a Sra. concelleira cando estaba nel, reclamar que lles envíen o proxecto oficial. Ese proxecto non chegou, e iso é o que están reclamando, unha vez e outra vez, e ten que chegar porque xa non é que lle afecte tanto ao concello polos terreos que lles collen ao igual que aos veciños, senón que tamén lle preocupan os problemas da rede de sumidoiros e das beirarrúas que están alí. Di que esa outra administración ten a obriga de informalos, polos menos, e mandarlles a información, como así lles dixeron que llela ían enviar, e non a enviaron, o que enviaron foron unhas fotocopias, nada máis. Iso é o que están esperando, porque se lles dixo que se lles remitiría un proxecto. Hoxe o trouxeron, pero non poden dicir que non se que, que a Xunta isto ou iso, e pregúntase se teñen que coleccionar o que saca a Comunidade Autónoma. Di que el mesmo, a Sra. concelleira e todos os demais teñen que velar polos intereses disto. A administración da Xunta ten a obriga de mandar un proxecto aquí, e van a reclamalo, e despois de ver isto, moito máis. Di que claro que a Santiago pode ir calquera, tamén pode ir o afectado e pagar unha fotocopia, pero é unha vergonza que teña que ir a Santiago se pode ter o proxecto aquí no concello, igual que pasa con outros temas, para poder darlle aquí a fotocopia.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín manifesta que, deixando xa de lado se é obriga da Xunta ou non entregar un proxecto, o que a ela lle parece unha vergonza é o que fai o concello e os que aquí están no grupo de goberno, dos que hoxe precisamente falamos de se merecían ou non os soldos. Ela lembra que cando estaba no equipo de goberno o Sr. alcalde ensinoulle unha cousa, que cando non remitían unha información había que

poñerse á porta a esperar a que llela deran, e iso é o que ela fixo agora, é o que fixo o Partido Popular, cousa que non fixo o goberno municipal. Pregunta se hai máis comodidade, e que pasa cos veciños que están agardando sen saber que terreo lles van expropiar, o Sr. alcalde está sentado, como o resto dos concelleiros, comodamente, pero moitos veciños non.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que a el realmente o que lle parece lamentable é que non saiban a que institución pertencen, sexan do equipo de goberno ou da oposición, porque non é de recibo o que con este caso, e probablemente con algún máis, está ocorrendo entre dúas administracións públicas que teñen un deber de lealdade común, de boas relacións e de entendemento, non de facer políticas. Non é de recibo que a Xunta promova unha obra, que ademais foi proposta dende aquí, dende o concello xa hai uns anos, cando se remitiron unha serie de ideas e de planos definindo un pouco o que se pretendía e que, en ningún momento, unha vez ese proxecto está en marcha, se poñan en contacto con eles. Xa non é só polos afectados aos que lles van a ocupar terreos particulares, é que hai terreos públicos, hai asuntos de infraestruturas, e o Concello de Cambre, o seu goberno, o seu pleno, toda a corporación, ten que estar para defender os intereses xerais de todo o mundo, e que as cousas queden ben.

Dille á Sra. concelleira que claro que coñecen esas datas, perfectamente as coñecen, porque hai algúns que len antes os boletíns oficiais que os periódicos, e os periódicos ás veces xa nin os len por falta de tempo. Precisamente, en canto comezaron a saír esas noticias, unha das obras que tiñan pensado facer con cargo ao FEESL este ano, a tiveron que quitar. Era un tramo de saneamento na Telva, e en vista de que había o anuncio de que se ía a facer ese proxecto de ampliación e non lles mandaban información técnica de como ía ser, non puideron facer o proxecto para ampliar o saneamento naquela zona da Telva sen coñecer iso. A partir dese momento puxéronse en contacto coa Xunta, telefonicamente e verbalmente, para ver como estaba iso, para ver se podían ir, mandar un técnico ou ir algún deles, e así un mes tras outro. Cada mes, nesas datas que citou a Sra. concelleira, aparecía unha cuestión nova, un novo paso no proceso, e eles volvían insistir, ata que a primeiros de maio, formalmente, mandaron unha notificación por escrito. A partir de aí tentaron falar xa non de técnico a técnico, senón directamente con responsables políticos, e foi imposible.

Despois dun mes e pico, no que unhas funcionarias do departamento que el dirixe levan todos os días intentando localizar a un subdirector xeral, ao parecer responsable deste tema, hoxe por primeira vez conseguiu que se puxera ao teléfono, hoxe por primeira vez. O subdirector dixo que era coñecedor dese escrito, que lle parecía normal que entre administracións o que hai que facer é facilitar información, para a propia administración e tamén para os veciños máis próximos, recoñeceulle iso. O subdirector tamén recoñeceu que tiña feito un informe, aínda que non llo mandou, un informe cara á súa directora xeral para recomendarlle que enviaran a Cambre canto antes esa copia, e que oír que o delegado provincial se ía encargar tamén de envialo despois dunha

conversación que tivo o Sr. alcalde con el, pero o que enviou non vale para nada, porque de aí non se extrae información ningunha.

Di que volveron insistir hoxe e que esta situación é lamentable. Que non hai ningún problema por ir a Santiago, sen cobrar axudas de custo ou cobrándoas, ese non é o problema. O Sr. alcalde, el mesmo, ou calquera membro da corporación, incluso cre que da oposición, se o citan a Santiago para darlle o proxecto, van en calquera momento, non teñen ningún problema, o que non van facer é perder o tempo, e dende logo o que non van facer, cre que por dignidade, e niso deberían ser todos unánimes na condena, é que das primeiras chamadas que houbo cando sacaron o proxecto a licitación, o que lle contestan ao Concello de Cambre, non a el como concelleiro, senón ao Concello de Cambre, é que se pase por unha copistería de Santiago e alí saque copias do proxecto. Pregunta en que país están, se este é o modelo de relacións institucionais entre administracións que se están implantando a partir de agora.

Di que agora ven o voceiro do PP co proxecto, aínda que a saber o que lle deron aí, haberá que velo. Realmente é lamentable e alucinante e non sabe como non lle cae a cara de vergonza de vir aquí con iso, non o sabe, porque é un representante do Concello de Cambre e debe actuar como tal, non exclusivamente por intereses partidistas, pero ese é un problema del. O fan sempre, confunden o partido co Estado, o fan sempre, como se fora deles. Supón que ese é o futuro que lles espera. En todo caso, no tempo que lles queda di que van seguir insistindo, van tentar manter a dignidade do Concello de Cambre, do concello, non das persoas, cousa que os outros concelleiros non están facendo.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín manifesta que mentres o Sr. Iglesias fala da súa dignidade, os veciños están agardando. Vanlles quitar os seus terreos e sen ter información por parte do concello, pola dignidade do Sr. concelleiro, que non se digna a ir a Santiago pola información, porque se lles mandaron a unha copistería terá que facer como fixeron moitos, ir á copistería. O importante é ter a información para os veciños.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que o primeiro tenente de alcalde dixo que pediron esta información telefonicamente e verbalmente, e el pode crelo ou non, o máis posible é que non pidiran nada. Acaba de dicir tamén que por primeira vez, o 1 de maio o pediron por escrito, pois aí é cando empezan a pensar que igual se empezaron a preocupar e pediron a información.

Di que este proxecto é de abril do ano 2008, agora o concelleiro está cargando as tintas, intenta desviar a atención coa Xunta de Galicia gobernada polo PP, pero o proxecto é de abril de 2008, pasou máis dun ano e tiveron tempo, cos seus compañeiros na Xunta, de ter pedido información, polo tanto non valen esas desculpas. Di que o Sr. alcalde é un mestre en botarlle as culpas á Deputación, á oposición, ao goberno central, ao goberno

autonómico, a todo o mundo, o único que non ten nunca culpa de nada é o Sr. alcalde, é unha vítima, pois non é así.

Continúa dicindo que el ten moita máis dignidade que o concelleiro que a puxo en dúbida, polo tanto ten moita dignidade, e foi a Santiago hoxe e aí está a información. Pregúntalle se os veciños de Cambre necesitan a información ou que el manteña a súa dignidade. Dille que aos veciños de Cambre o que lles importa é iso que el trouxo e aí está, e que agora faga o que queira, que a información está aí, e iso é o que tiña que ter feito, e non o fixo. Pídelle que fale menos e que traballe máis.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que por sorte aínda queda un tempo en que sentado nese sitio vai haber unha persoa que é bastante máis tolerante, máis respectuosa e bastante máis digna que o Sr. Cubeiro.

Ante a interrupción do concelleiro popular o Sr. alcalde pide un pouco de orde.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dille ao Sr. Cubeiro que é un absoluto intolerante e un estudante de fascista. Manifesta que non hai maneira con intervencións dese tipo de aclarar as cousas, e que iso si que non lles interesa aos veciños.

Ante unha nova interrupción, o Sr. alcalde pide ao concelleiro popular que por favor cale un momento, que demostre tamén que ten tolerancia, que non o está facendo e que non quixera terlla que poñer el.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que, aínda que discrepe profundamente co que diga o Sr. Cubeiro ou o seu grupo, el respecta sempre o que di, e aguanta estoicamente ata o remate das súas intervencións, e cando o Sr. alcalde lle concede a palabra, fala, cousa que o Sr. Cubeiro non fai habitualmente, interrompe, ordena, pero é o seu problema.

Continúa dicindo que cando tiveron coñecemento de que o proxecto estaba rematado é cando o pediron.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que non sabe se o Sr. Iglesias se deu conta das palabras que dixo.

O Sr. alcalde pide ao concelleiro popular que deixe terminar a súa intervención ao Sr. Iglesias. Dille que el é o que ten que moderar, e que se o Sr. Cubeiro volve falar sabe o que lle queda, e non lle gustaría ter que facelo. Dille que cale, que deixe terminar e que logo pida o que queira.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que xa rematou, que simplemente coas propias intervencións do Sr. Cubeiro el cre que queda todo perfectamente explicado.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta se entón non hai algo que o Sr. Iglesias queira retirar.

O Sr. alcalde pide que se pase á seguinte pregunta.

2ª O campo de fútbol do *Once Caballeros* no cal concello e deputación dedicaron 400.000 euros na instalación de herba artificial, está sendo utilizado polo equipo de béisbol, este uso está levando a que o recién estreado campo teña desperfectos. Cal é a causa de que os entrenamentos de béisbol sexan nesta zona e que medidas vai tomar o responsable de Deportes?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que, en primeiro lugar, ten que rectificar á Sra. concelleira porque non existe o campo de fútbol *Once Caballeros*, e o campo municipal Lendoiro (A Barcala). Trátase dunha instalación municipal que está a disposición non só dun club de fútbol, senón de todos os clubs de fútbol que o soliciten, nuns horarios determinados, incluíndo ao equipo de béisbol que xoga en campos dese tipo. Que lle digan que están deteriorando o campo de fútbol practicando béisbol alí, é mentira, porque o están practicando en todos os campos de herba artificial ou de herba natural que hai, en calquera sitio. Non sabe de onde vén iso, quizais se poida estropear, pero de momento non hai queixas desa deterioración, nin moito menos. Hai outras causas polas que se están tomando xa medidas bastante drásticas, pero non por iso, non polos entrenamentos de béisbol.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se o Sr. concelleiro lle está dicindo que a directiva do club *Once Caballeros*, minte. Di que alí están entrenando, que hai unha zona habilitada á dereita para o equipo de béisbol, pero non a utilizan, senón que entrenan no campo e na zona que batean xa se está desgastando o caucho, que se comeza a retirar. Dende o club puxéronse en contacto co concello e o técnico non tivo en conta esas queixas, pero si que ten desperfectos. Pregúntalle ao Sr. Lisnier se foi velo.

O Sr. Lisnier di que si foi.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín manifesta que ela sabe que o concelleiro de Obras si foi a velo e que parece ser que se botou as mans á cabeza, porque son 400.000 euros o que custou. Pregunta por que o equipo de béisbol non utiliza a zona habilitada para eles.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que a Sra. concelleira estalle dando unhas queixas, non sabe se de directivos do *Once Caballeros*, pero dille que iso é unha cousa que el ten pendente de falar con eles, e que despois de que o faga xa verán de quen é a deterioración, que non é deterioración exactamente. Non obstante di que están niso e que a cousa vén por outros lados.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo quere aclarar que el estivo de visita no campo e que persoas da directiva comentáronlle ese problema, pero el non comprobou nada do terreo do campo, o que si comprobou e viu foron as opinións dalgunhas persoas da directiva sobre ese tema, coincidente coa pregunta da Sra. Ramos, pero que era un día que estaba o campo cheo de nenos entrenando e el non dá fe de ver ningún tipo de deterioración, non sabe se a hai ou se non a hai, pero non foi a facer esa comprobación.

Don Jaime Manuel López Lisnier explica que, loxicamente, nunha zona onde nun momento determinado se está pisando máis, o caucho se levanta, pero hai despois un procedemento para volvelo ao seu sitio, pero que de momento non hai deterioración, nin do céspede nin nada.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta que, entón, para que se habilitou unha zona nese campo para que entrenara o equipo de béisbol, porque se non se deteriora e non hai ningún problema, entón que se comparta o campo, fútbol con béisbol.

Don Jaime Manuel López Lisnier sinala que agora parece que a Sra. concelleira entende de todo, pero que o que el pode dicir é que eles entrenan en tres zonas do campo, dúas de terra que son a zona de bateo que está ao final e a zona de entrada que se habilitou quitando os valos para que incluso puideran facer outro tipo de lanzamentos, e despois, cando entrenan cos nenos pequenos e nuns entrenamentos específicos, utilizan o campo. Non obstante di que si están sobre o tema dese campo e van estar niso.

O Sr. alcalde pide que se pase á terceira pregunta.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que non lle quedou claro o que dixo, pregunta se dixo que traballarán niso.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que claro que si, que se van informar perfectamente para ver se é verdade todo o que lles está dicindo, que esa zona está totalmente deteriorada.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín sinala que non dixo totalmente deteriorada.

3^a En varias zonas do concello os colectores de lixo quitan accesibilidade nas beirarrúas, en varias ocasións remitíronse estas queixas ao Consorcio das Mariñas. Cal é a causa de que non estea solucionado este problema?

O Sr. alcalde contesta que esta mañá estivo falando cos responsables de medio ambiente no Consorcio, e que lle dixeron que parte deles, ou case todos, que están. O que sería bo, e quedaron niso, é que todos os concelleiros que tiveran algún tema, volver a

mandalo. Di que por iso pide que lle digan os que están así, porque moitos se mandaron directamente alí e non lles quedou copia aquí.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que cando o BNG estaba na oposición fixo esta pregunta varias veces nos plenos, e de todas se remitiron as queixas ao Consorcio das Mariñas. Di que hai zonas de beirarrúa nas que a xente que vai con carritos ou cadeiras de rodas, teñen que baixar ao vial para poder pasar. O Consorcio o que fai e arrimalos e empuxalos cara aos terreos dos veciños e ela está totalmente de acordo con que se antes de facelo non se fala con eles, pois non queiran iso.

O Sr. alcalde pídlle que onde sexa así que o digan, porque esta mañá o responsable díxolle o que hai.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín dille ao Sr. alcalde que hai actas de reunións, de cando estaba ela en medio ambiente, de vir os responsables aquí ao concello a presentar esas queixas, nas mesmas zonas e seguen sen arranxarse, e diso xa hai dous anos. Di que disto hai actas e que esas actas tamén as ten a secretaria do Sr. alcalde.

O Sr. alcalde manifesta que se non hai ningún asunto máis se levanta a sesión.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, fóra da orde do día, cre que ao principio esqueceron manifestar a solidariedade e condolencias da corporación co Concello de Castelldefels, cos veciños e familiares.

O Sr. alcalde di que é verdade, que pensaba telo feito ao principio, e que supón que todos os membros da corporación están de acordo.

Todos os presentes manifestan a súa conformidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia